- 20399 - 6051 (12/PRE-000643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat



Sobre a planificación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Chantada durante a época estival e o nivel da dotación deste centro canto a facultativos

- 20398 - 6446 (12/PRE-000672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a planificación asistencial da Xunta de Galicia no Centro de Saúde de Coles para os meses de verán e as medidas referidas a un eventual reforzamento do transporte público nesta comarca no caso de levarse a cabo unha redución da asistencia pediátrica

- 20397 - 6923 (12/PRE-000712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia dirixidas a reducir as listas de agarda para consultas, cirurxía vascular, cardíaca e pediátrica no Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee, e para as probas diagnósticas na área sanitaria da Coruña

- 20404 - 7166 (12/PRE-000729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o establecemento de campañas de información transversais en materia de protección ante a proliferación de carrachas, así como de axudas para desparasitar e desinfectar aos animais

- 20382 - 4941 (12/PRE-001353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as razóns que conduciron á situación en que se atopa a serra do Courel derivada dos problemas de cobertura sanitaria dos centros de saúde de Folgoso e Seoane

- 20494 - 5283 (12/PRE-001385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a vontade da Xunta de Galicia verbo do desenvolvemento dun plan de seguridade destinado a protexer o persoal sanitario de atención primaria fronte a agresións físicas ou verbais

- 20530 - 5302 (12/PRE-001387)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas substitucións das baixas dos facultativos dos centros de saúde do Courel

- 20317 - 5235 (12/PRE-001395)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a nova proposta que fai o Goberno de España do mapa de concesións das rutas de autobús



- 20384 - 5339 (12/PRE-001399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a situación das listaxes de espera no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 20529 - 5402 (12/PRE-001408)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para reducir as listas de espera nas consultas dos hospitais públicos de Ourense

- 20391 - 5526 (12/PRE-001424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a salvagarda da atención que presta a unidade de prevención do suicidio de Lugo

- 20528 - 5907 (12/PRE-001469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia no que atinxe ao incremento con carácter inmediato de profesionais da saúde mental na Área Sanitaria de Vigo

- 20387 - 6050 (12/PRE-001495)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a planificación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Chantada durante a época estival

- 20394 - 6215 (12/PRE-001511)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego acerca do compromiso mostrado polas administracións central e autonómica en relación co transporte público por autocar

- 20383 - 4940 (12/PRE-002138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención sanitaria na serra do Courel e o prazo en que a Xunta de Galicia pensa tomar medidas co fin de mellorar a dotación dos seus centros de saúde de Seoane e Folgoso

- 20447 - 5282 (12/PRE-002175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a vontade da Xunta de Galicia verbo do desenvolvemento dun plan de seguridade e de campañas informativas destinadas a protexer o persoal sanitario de atención primaria fronte a agresións físicas ou verbais



- 20446 - 5301 (12/PRE-002178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas substitucións das baixas dos facultativos dos centros de saúde do Courel

- 20385 - 5338 (12/PRE-002184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a situación das listaxes de espera no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, as medidas que está adoptando o Goberno galego para reducilas e as que prevé adoptar con urxencia para garantir a igualdade de dereitos de toda a poboación no aspecto sanitario

- 20315 - 5343 (12/PRE-002185)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre a nova proposta que fai o Goberno de España do mapa de concesións das rutas de autobús e as xestións que prevé realizar a Xunta de Galicia para evitar a supresión de paradas na nosa comunidade

- 20445 - 5401 (12/PRE-002193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería de Sanidade orientadas á diminución das listas de espera para consultas nos hospitais públicos de Ourense e de Valdeorras, así como no que atinxe á espera cirúrxica no caso do Hospital Clínico Universitario de Ourense

- 20392 - 5525 (12/PRE-002209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre a situación da unidade de prevención do suicidio de Lugo e a mellora da atención ás pacientes e aos pacientes deste servizo

- 20449 - 5906 (12/PRE-002257)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co incremento de profesionais da saúde mental no sistema sanitario público en xeral e, de forma inmediata, na Área Sanitaria de Vigo

- 20388 - 6049 (12/PRE-002284)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a planificación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Chantada durante a época estival e o nivel da dotación deste centro canto a facultativos

- 20395 - 6213 (12/PRE-002300)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polas administracións central e a autonómica en relación co transporte público por autocar

- 20402 - 7579 (12/PRE-002333)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a colaboración do Goberno galego coas medidas da Administración estatal referidas á redución da pegada de carbono no ámbito sanitario e o uso do material máis adecuado para este obxectivo no tratamento das enfermidades respiratorias

- 20409 - 7769 (12/PRE-002337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre o número de médicos trasladados desde Urxencias Sanitarias-061 aos puntos de atención continuada co obxecto de cubrir vacantes durante o período de verán e as previsións da Xunta de Galicia respecto das necesidades profesionais da devandita fundación pública

- 20408 - 7981 (12/PRE-002341)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a posta en marcha das accións previstas dentro do Plan Obesidade Zero en Galicia cuxos prazos remataban a finais do ano 2023, así como as causas e as repercusións da súa inexecución en caso contrario

- 20407 - 8035 (12/PRE-002342)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre o incremento dos recursos humanos e a convocatoria de prazas na área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a finais do ano 2026 a media de profesionais de España en cada categoría profesional implicada

- 20417 - 8317 (12/PRE-002354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os servizos sanitarios que se veñen prestando no centro de saúde de O Pereiro de Aguiar e a posible ampliación dos mesmos atendendo ao número de residente de dito concello

- 20411 - 11067 (12/PRE-002516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Insua Lema, Óscar

Sobre as razóns da ausencia de mulleres nas xornadas anunciadas para o 19 de setembro e organizadas co obxectivo de presentar os estudos promovidos polo Goberno galego relativos á planta local galega

- 20410 - 12273 (12/PRE-002630)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Suárez Fernández, Iago e Prado Cores, María Montserrat
Sobre o fechamento temporal do Centro de Saúde de Seoane do Courel e as actuacións da Xunta de Galicia dirixidas á mellora da atención sanitaria do concello

- 20421 - 12303 (12/PRE-002633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a situación da función pública local en Galicia e a solicitude ao Goberno central da transferencia das competencias para a creación e xestión dun corpo galego de funcionarios ao servizo da Administración local

- 20420 - 13202 (12/PRE-002712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as funcións que están realizando os auxiliares da Policía Local do Concello da Laracha e as condicións de supervisión en que as desenvolven

- 20176 - 14577 (12/PRE-002860)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 3 máis

Sobre os prazos, o financiamento e as actuacións do Goberno galego para a materialización do seu compromiso de construción dunha senda peonil e ciclista entre Camposancos e A Guarda

- 20426 - 14863 (12/PRE-002883)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante o eventual impulso, coa participación da Fegamp, dun plan único autonómico á marxe do Fondo Galego de Cooperación, destinado a todos os concellos e elaborado con criterios obxectivos e transparentes

- 20430 - 15517 (12/PRE-002936)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas de prevención, erradicación e investigación previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a praga do nematodo do piñeiro, que actualmente afecta varios concellos da provincia de Ourense

- 20429 - 15613 (12/PRE-002945)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a anulación do concurso impulsado pola Agader para configurar e implantar un tipo de comunidades enerxéticas en determinadas aldeas modelo do rural de Galicia e os obxectivos actuais do Goberno galego nesta materia

- 20527 - 6921 (12/PRE-002959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia dirixidas a reducir as listas de agarda para consultas no Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee

- 20212 - 7264 (12/PRE-003034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co trazado e conexións da Vía Ártabra

- 20211 - 7356 (12/PRE-003050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe á mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 entre Bueu e Marín

- 20535 - 7576 (12/PRE-003109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a colaboración do Goberno galego coas medidas da Administración estatal referidas á redución da pegada de carbono no ámbito sanitario

- 20192 - 7586 (12/PRE-003111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe a unha eventual reparación da rúa Chantada, en Monforte de Lemos

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As casas niño son un modelo de atención á infancia localizadas en concellos rurais cun número de crianzas reducido. Trátase de 104 centros na relación de 2025, espallados de xeito máis concentrado en Lugo, que conta con 29 e Ourense, onde se localizan 41, aínda que tamén en A Coruña hai 18 casas niño e Pontevedra conta con 6.

As crianzas para as que está pensado o servizo teñen dende 3 meses a 3 anos de idade e as familias poden dispoñer del durante un máximo de 8 horas diarias durante 11 meses ao ano. Os profesionais titulares son autónomos/as que prestan a atención no propio domicilio ou nun local propio, cedido ou alugado, sen que o número total de nenos e nenas atendidos supere os cinco por cada casa niño.

Estas condicións para a prestación do servizo son requisitos necesarios para percibir a correspondente subvención por parte da Xunta de Galiza e están marcadas pola propia Consellería de Política Social. Deste xeito, as traballadoras e traballadores autónomos, teñen que adaptarse a ditos criterios no caso de querer optar aos 29.000 euros anuais que reciben por parte do goberno galego no caso de levar máis de 3 anos prestando o servizo ou a 24.800 no caso contrario.

Estas contías especificadas anteriormente, son a única fonte de ingresos dos titulares das casas niño, que teñen que facer fronte a todo tipo de gastos derivados da prestación do servizo, tales como o local e o que iso supón (auga, luz, calefacción..), as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

origas tributarias, a súa cotización, seguros correspondentes, materiais, substitucións de persoal, xestorías, etc. A maiores, estas traballadoras non contan con ningunha prestación por desemprego no caso de pechar a casa niño na que desenvolven a súa profesión, a pesares de que non poden levar a cabo ningún outro tipo de actividade durante a súa xornada laboral, cuxa duración incumpre o convenio profesional do sector de 37 horas de duración, ao ter que prestar o servizo 40 horas semanais.

Por todo isto consideramos as condicións de traballo dos titulares das casas niño coma precarias tendo en conta que, a finais de xaneiro, aínda non eran coñecedores de cando se aprobaría publicaría a orde pola que se rexen no DOGA, sen saber asemade cando se realizarían os pagos polo servizo e se recibirían os ingresos, tendo que facer fronte aos gastos derivados da actividade sen seguridade ningunha previa. Estas traballadoras que prestan un servizo de conciliación básica no rural galego, xa de por si maltratado neste senso, teñen que comunicarlle á Xunta de Galiza a un ano vista cando pretenden gozar das súas vacacións, sen dispoñer de xeito específico de días de asuntos propios e sen poder pechar no caso de non ter crianzas que atender.

A precariedade á que a Xunta de Galiza somete ás casas niño convértenas exposición clara do que o goberno quere facer con todos aqueles servizos que afectan á conciliación familiar e onde as vítimas últimas dos recortes son as crianzas, a través das súas traballadoras, que non gozan de condicións xustas e dignas na súa actividade, subvencionada de xeito mínimo con diñeiro público e que rematará por levar por diante este modelo asistencial polo que apostaban firmemente, pero que non son capaces de xestionar con compromiso, nin coas familias, nin co rural nin cos traballadores/as.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai garantir a Consellería de Política Social que no curso 25/26 as Casas Niño percibirán maiores contías económicas de xeito xeneralizado e que as axudas chegarán en tempo e forma asegurando unhas condicións laborais dignas?

. Garantirá a Xunta de Galiza que se establecerán no próximo curso prazos fixos para a publicación da orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das Casas Niño antes da segunda quincena de decembro?

. Garantirá a Xunta de Galiza que se establecerán no próximo curso prazos fixos para a orde de pagamento das axudas das Casas Niño durante a primeira quincena do mes de xaneiro?

. Considera a Xunta de Galiza que está a cumprir o convenio laboral destas traballadoras, onde se especifican 37 horas semanais, ao ter que prestar o servizo 40 horas semanais nas Casas Niño?

. Considera a Xunta de Galiza que as axudas para as Casas Niño son abundas e equitativas para todas as titulares, de maneira que se garante unha situación laboral estable e digna?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2025

Asdo.: Ariadna Fernández González

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 14/02/2025 13:16:39



Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O 27 de outubro de 2017, o Diario Oficial da Xunta de Galicia, recollía a resolución do 29 de setembro, pola que se creaba a Unidade Oncolóxica Pediátrica de Galicia.

Naqueles momentos dicíase que Galicia ía dispoñer dunha unidade en rede para oncoloxía pediátrica, que garantiría que en toda a comunidade autónoma houbera igualdade de diagnóstico e medios de tratamento.

O cancro infantil é un grupo de enfermidades de gran importancia en termos de saúde pero tamén en termos afectivos na sociedade.

E aínda que os casos de cancro en menores de 19 anos son poucos, é a segunda causa de morte na infancia e adolescencia, polo que debería ser unha gran prioridade para a Xunta de Galicia.

Actualmente, é curable case o 84 % dos casos. Falamos de curación global aos cinco anos e oxalá esta cifra puidésese quedar obsoleta en segundos. E para conseguir as taxas de supervivencia actuais, fai falta un diagnóstico precoz, o tratamento adecuado e a investigación en unidades asistenciais e con experiencia.

Porque aínda que as taxas de supervivencia aos cinco anos seguen mellorando ano tras ano, aínda queda moito camiño por percorrer. De aí todos





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 13:22:59
Nº Rexistro: 20161
Data envío: 14/02/2025 13:22:59.454

os esforzos en prevención, investigación, procedementos diagnósticos, seguimento e tratamento son imprescindibles.

Por iso, a importancia da unidade de oncoloxía pediátrica de Galicia que tería unha visión suprahospitalaria e empregaría a totalidade dos recursos asistenciais do Sergas para a atención do cancro infantil de maneira coordinada.

Con todo esta unidade apenas avanzou.

Por todo iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cando pensa a Xunta de Galicia, ter totalmente operativa a Unidade de Oncoloxía Pediátrica de Galicia?

Parlamento de Galicia, 14 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 14/02/2025 13:15:49

Silvia Longueira Castro na data 14/02/2025 13:16:05

CSV: B0R0G-8703d1006TtrID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71174

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A Xunta de Galicia vén de publicar, na Resolución do 30 de decembro do 2024, a lista provisional de persoas beneficiarias para cobrar as axudas pola Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE). A finalidade é compensar os prexuízos económicos producidos pola EHE en Galicia.

Para poder cobrar as axudas precisan cubrir un formulario para o que teñen todo o mes de febreiro. Isto vai producir unha demora no cobro das axudas por parte das persoas beneficiarias, xa que transcorrido o mes da solicitude a Xunta de Galicia ten que proceder a subsanar erros antes de publicar a lista definitiva.

Dende a Consellería comprometeranse a publicación da resolución en decembro e cobrar en marzo, cousa que xa non se vai dar.

Outra das cuestións que preocupa aos gandeiros e gandeiras é o que se refire aos requisitos establecidos para o cobro das axudas. So percibirán axudas aos animais sangrados e positivos. A saturación dos servizos veterinarios oficiais fixo que nas explotacións que xa deron algún positivo non se sangraran máis animais. Deixando a animais enfermos sen contabilizar.

Os animais enfermos están perfectamente identificados pero quedarían fóra de esta orde polo que as e os gandeiros non percibirán nada por eles.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 13:39:56
Nº Rexistro: 20167
Data envío: 14/02/2025 13:39:56,633

Isto dá como resultado que os datos oficiais que manexa o Consellería de Medio Rural non reflexa a realidade das explotacións.

Por outra banda so se ten en conta tres apartados á hora de efectuar as indemnizacións quedando fóra desta cobertura cuestións como o lucro cesante.

Polo que os criterios establecidos pola Consellería están faltos de rigor máis aló de opacidade dos mesmos.

Por todo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai valorar a Xunta de Galicia a posibilidade de estender a todos os animais tratados as axudas?
2. Contempla revisar os criterios establecidas por parte da Consellería para percibir as axudas?
3. Ten previsto reducir os procedementos burocráticos e eliminar os innecesarios?

Santiago de Compostela, a 14 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 14/02/2025 13:38:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71176

@PSdeG



CSV: BG9BQ-SRQF-MB684R1D-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2025 13:39:56
Nº Rexistro: 20167
Data envío: 14/02/2025 13:39:56.633

Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/02/2025 13:38:26

CSV: B0R0G5R0CFMB68H0ID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71177

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a lingua dos equipos informáticos dos centros de saúde do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os equipos informáticos dos centros de saúde do SERGAS están instalados, por defecto, en castelán. Isto xa contradí a lei 3/1983 de normalización lingüística, que establece no seu artigo 4.º “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma”.

Ademais disto, se se solicita o cambio de idioma, no caso de equipos compartidos por varios usuarios exíxese que todas as persoas que usan o equipo estean de acordo coa configuración en galego, polo que se está a situar esta lingua, na práctica, nunha situación secundaria e dificultando o seu uso polas persoas que prefiren utilizala de xeito habitual, ademais de “responsabilizar” a persoa que quere usar o equipo en galego de que se faga ese cambio. Toda a administración galega debería instalar, por defecto, todos os equipos do persoal en lingua galega, como corresponde ao carácter oficial desta lingua na administración e nas institucións públicas.

Por outra banda, o feito de que os equipos informáticos non estean configurados por defecto en galego ten outras consecuencias para o uso desta lingua no traballo do persoal e, en última instancia, dificulta a presenza do galego no SERGAS, xa que outros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

programas, aplicacións e páxinas se van abrir automaticamente na lingua do sistema operativo, implicando un esforzo adicional para quen queira usar a lingua galega.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego a escasa presenza do galego no Servizo Galego de Saúde?
- Que iniciativas desenvolveu o goberno galego nos últimos 4 anos para o fomento do uso do idioma galego no Servizo Galego de Saúde?
- Que medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega, de entre as referidas ao ámbito da sanidade, ten previsto impulsar o goberno galego na presente lexislatura?
- Ten previsto o goberno galego implantar algunha medida para establecer que o galego sexa a lingua de instalación dos sistemas operativos dos equipos informáticos do Servizo Galego de Saúde?
- Ten previsto dar instrucións ou establecer algún mecanismo para fomentar o uso do galego, tanto a nivel interno como na atención ás persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 17/02/2025 09:56:56





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Chama a atención como a delegada de Televisión de Galicia en Madrid, María Cheda, xestiona as súas redes sociais. Non se trata que o faga dende o ámbito privado e coma unha forma de exhibir un comentario persoal sobre algún parecer, senón que o fai coma unha traballadora da compañía que verte nas redes desde apreciacións persoais, enfrontamentos e mesmo unha linguaxe que non debería ser propia dunha informadora que no seu perfil de X expón claramente “Delegada de @tvgalicia en Madrid”.

O día 10 de febreiro sinalaba que *“Me paso el fin de semana leyendo comentarios odiosos de quienes eran “compañeros. Me río en castellano que les molesta más...”*.

O día 9 de febreiro apuntaba nun comentario *“E non son túa amiga. Son xornalista con ímpete de saber que carallo teño que pedir desculpas...”*.

O día 7 de febreiro escribía *“Pero qué problema tes con Carlos Amado? Isto sobrepasa calquera liña... Sinalar por unha info...? En serio? Vas bonito”*.

O día 11 de xaneiro, de xeito intencionado, emiten unha noticia sobre Pedro Sánchez (dentro dos espazos informativos) con comentario de opinión desprezando os actos estatais que lembran o fin da ditadura franquista, iniciando a súa información con *“Pedro Sánchez chamou directamente ao medo, dicindo que a ditadura podería volver ocorrer”*.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2025 10:19:16
Nº Rexistro: 20234
Data envío: 17/02/2025 10:19:16.187

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Dado o ton das conversas, e mesmo das respostas que verte a xornalista na rede (onde pon de manifesto a súa calidade de corresponsal da TVG en Madrid), cree a Dirección Xeral da compañía que é acertado ese comportamento para unha informadora dunha canle pública?

Santiago de Compostela, a 17 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 17/02/2025 10:18:18

Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/02/2025 10:18:26

CSV: B0REBQSP6EUG3GTR2ID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71182

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a caducidade da concesión de augas a ALTRI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A organización ecoloxista ADEGA denunciou a caducidade do procedemento de concesión de augas solicitada pola empresa pasteira ALTRI (Greenfiber) para a macrocelulosa que prevé construír na Ulloa co beneplácito da Xunta e do PP.

Nun comunicado que fixo público o xoves 13 de febreiro, ADEGA sinala que “O artigo 116.5 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH) establece un prazo máximo de 18 meses para que a administración competente, neste caso Augas de Galiza, resolva un expediente de concesión de augas. A empresa Altri (agora Greenfiber) presentou a súa solicitude (inicio do trámite de competencia) en novembro de 2022, publicándose no BOP da Coruña o 30 de novembro dese ano e no BOPPO de Pontevedra o 5 de xaneiro de 2023. De non mediar suspensión do procedemento, e no expediente non consta ningunha de oficio ou de parte, os 18 meses concluíron en xullo ou setembro de 2024. Dado que a día de hoxe o organismo substantivo encargado de tramitar a concesión (Augas de Galiza, demarcación Centro) aínda non resolveu sobre dita solicitude, esta debería portanto entenderse desestimada”.

Cómpre lembrar que o citado artigo 116.5 prevé o seguinte: “O prazo para resolver as solicitudes de outorgamento de concesión do dominio público hidráulico non poderá exceder de dezoito meses. Trascorrido dito prazo poderá entenderse desestimada a solicitude”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En lugar de actuar conforme á lei e desestimar a solicitude, a Xunta filtrou un documento con aparencia de oficial mais que parece redactado polos técnicos da empresa solicitante. Máis alá da ilegalidade da filtración e das responsabilidades derivadas dun feito desta gravidade, o certo é que todas estas actuacións estanse a levar a cabo cando o prazo de resolución da solicitude de concesión está vencido e polo tanto esta debe desestimarse.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai a Xunta proceder ao arquivo do expediente de solicitude de concesión de augas superficiais do río Ulla no encoro de Portodemouros con destino a uso industrial?

É coñecedor o goberno galego do incumprimento do establecido no artigo 116.5 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico?

Que pretende o goberno galego coa filtración dun suposto informe oficial favorábel ás pretensións de Greenfiber-Altri?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 17/02/2025 10:20:33





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O pasado mes de decembro de 2024 coñecíase que o goberno de Alfonso Rueda rexeitara máis 22 millóns de euros de fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, coa fin de construír escolas infantís; creando así 3.200 prazas públicas de educación infantil para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

As escusas do goberno do Partido Popular foron varias. A primeira é que estes fondos tiñan “limitacións”. A segunda é que estaban “mal deseñados” e que “*prexudicaban*” ás comunidades, como Galicia, onde o índice de escolarización chega ao 60 %. E por iso a necesidade de creación de novas prazas é “*inferior*”.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista parécenos que esta decisión do xefe do executivo galego está tinguida de irresponsabilidade fronte ao orzamento público, toda vez que o sistema de escolas infantís en Galicia apóiase no sector privado das mesmas. Deste xeito, o PP “financia” garderías privadas con cantidades maiores das que perciben as garderías públicas; detraendo do orzamento da Xunta de Galicia fondos públicos para pagar a iniciativas privadas.

Con este proceder, a Xunta de Galicia xustifica que a súa “postura ideolóxica” é a “*gratuidade universal para tódalas familias*”; incidindo que é algo que “*non se está a facer en ningunha outra comunidade de España*”. E que por outro lado, eran fondos que “*estaban pensados para elevar a taxa de escolarización*”





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2025 10:48:32
Nº Rexistro: 20248
Data envío: 17/02/2025 10:48:32.308

infantil, cousa que en Galicia non é necesario". E, que finalmente, "como non ía a ampliar a gratuidade, non resultaban adecuados para Galicia".

Esta argumentación choca directamente coa realidade galega; xa que, en Galicia, das máis de 30.000 prazas dispoñibles, máis dun terzo pertencen a rede privada (13.552), outro terzo á rede pública autonómica (10.142) e case un 20 % aos concellos.

Por tales motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Como é posible que a Xunta de Galicia rexeite fondo europeos para a construción de escolas infantís cando na escola infantil de As Mariñas, na cidade da Coruña, varias familias non obtiveron praza?

Santiago de Compostela, a 17 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 17/02/2025 10:15:06

Elena Espinosa Mangana na data 17/02/2025 10:15:16

CSV: BG9BQ&RQw6b&IgrID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71187

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da lingua galega no Hospital Materno Infantil da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área de obstetricia do Hospital Materno Infantil da Coruña non facilita ás pacientes información de xeito normal en lingua galega, nin os consentimentos médicos nin os folletos informativos sobre a anestesia epidural, nin o vídeo informativo para as pacientes en relación con ese procedemento.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece a oferta positiva na administración galega, incluído o Servizo Galego de Saúde, o que significa que o persoal médico debería estar informado de que o obxectivo da administración é que se dirixan en primeiro lugar en lingua galega ás persoas usuarias, do mesmo xeito que entregar e facilitar toda a información por defecto nesta lingua.

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece entre os seus obxectivos para o ámbito da sanidade:

1. Concienciar da necesidade de atender e prestar os servizos sanitarios e asistenciais correspondentes, utilizando a lingua na que está instalada a persoa a quen van destinados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.

3. Potenciar o emprego da lingua galega na área sanitaria.

Os propios obxectivos do PXNL para esta área falan da necesidade de “*Concienciar da necesidade de atender e prestar os servizos sanitarios e asistenciais correspondentes, utilizando a lingua na que está instalada a persoa a quen van destinados*”.

Neste sentido, consideramos que os 20 anos que transcorreron desde a aprobación do Plan Xeral foron suficientes para comunicar estes obxectivos a todo o persoal do SERGAS, e é urxente pór en marcha tamén algunha das medidas concretas para a área de sanidade, como iniciar canto antes unha “*Campaña de información entre os profesionais da medicina pública e privada verbo da utilidade terapéutica de utilizar a lingua do paciente, os dereitos do usuario a que o atendan en galego e invitándoos a practicar a Oferta positiva cos seus pacientes*”.

Alén diso, na comisión 5.^a do Parlamento Galego aprobouse en 2020, por unanimidade e sen ningunha modificación, unha proposición non de lei co seguinte texto:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

1.- Normalizar a presenza do galego nos centros sanitarios: sinalética, cartalaría, documentación interna e na relación cxs doentes.

2.- Garantir a existencia de exemplares en galego de calquera documentación que se lle teña que facilitar xs doentes ou que teñan que asinar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Realizar todas as actuacións formativas precisas tanto para que xs profesionais teñan a competencia lingüística precisa para atender xs doentes no noso idioma como para que coñezan os dereitos lingüísticos que os asisten.”

Polo tanto, non existe ningunha xustificación para que as pacientes do Hospital Materno Infantil da Coruña non poidan acceder á información e á atención en lingua galega, nin para que sexa preciso solicitalo sen que se faga por defecto na lingua da paciente.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego a escasa presenza do galego no Servizo Galego de Saúde?
- Que informes ou recollidas de datos vai levar a cabo o goberno sobre o uso do idioma galego no servizo de obstetricia do Hospital Materno Infantil da Coruña?
- Que iniciativas desenvolveu o goberno galego nos últimos 4 anos para o fomento do uso do idioma galego no Servizo Galego de Saúde?
- Ten previsto o goberno galego implantar algunha medida para pór a disposición os consentimentos médicos en todos os servizos do SERGAS e, en concreto, no servizo de obstetricia do Hospital Materno Infantil da Coruña, en lingua galega, ademais da súa oferta positiva?
- Ten previsto dar instrucións ou establecer algún mecanismo para que a atención médica se faga na lingua de atención dos e das pacientes, a fin de que a administración galega contribúa á normalización da nosa lingua no Servizo Galego de Saúde?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 17/02/2025 11:11:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as consecuencias da privatización da Residencia Concepción Arenal da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego levamos anos defendendo a necesidade de mudar o modelo de residencias que existe en Galiza por outro que coloque o coidado das nosas maiores no centro desde unha rede pública forte e accesíbel en todo o país.

Un sistema de atención pública a través da oferta de prazas en residencias públicas con xestión directa é a mellor garantía dun servizo de calidade e con garantías nas condicións laborais das traballadoras e nos propios coidados das maiores e dependentes.

A devaluación das condicións laborais e económicas das traballadoras das residencias privadas ou privatizadas ten sido xa obxecto de debate recente nesta cámara por parte do BNG. A resposta por parte da Conselleira de Política Social adoita ser sempre a negación da realidade, a renuncia a recibir as profesionais para valorar as súas demandas e votar en contra das propostas do BNG que recollen as necesidades das traballadoras.

Un dos exemplos onde se constata a deteriorización progresiva das condicións das traballadoras e da debida atención ás usuarias, así como da continuada falta de mantemento do propio espazo físico é a Residencia Concepción Arenal da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta residencia era recoñecida polo seu bo funcionamento mentres a súa xestión directa foi pública. Mais, a partir do momento en que a Xunta a entregou á xestión privada a través de diferentes concursos a calidade da prestación do servizo mingou de forma moi significativa.

Logo da xestión inicial por parte de Domus Vi, sucedéronse un baile de empresas na xestión da residencia Concepción Arenal que conduciron á inestabilidade e precariedade das traballadoras.

Na actualidade, unha nova empresa asturiana, CECA SENIOR, foi a adxudicataria do novo concurso e, desde o comezo, aplicou a mesma estratexia das anteriores; maximizar beneficios a custa de reducir dereitos, tal e como as traballadoras xa teñen feito público en mobilizacións recentes.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É a Xunta coñecedora do estado en que se encontra a Residencia Concepción Arenal?
- Que avaliacións ten feito a Xunta sobre a adecuación e bo mantemento dos diferentes espazos de atención ás residentes? Cando as fixo? Con que resultado?
- Reuniuse o goberno coas traballadoras? Cando? Que demandas lles traladaron?
- Que compromisos asumiu a Xunta como resposta ás demandas das traballadoras?
- Atenderon estas demandas para elaborar os criterios das diferentes licitacións que se teñen producido?
- Pode confirmar a Xunta que a empresa de xestión actual cumpre cos dereitos laborais e das usuarias residentes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten recibido algunha notificación de queixa ou denuncia?
- Como valora o goberno o estado e a atención ás maiores da Residencia Concepción Arenal da Coruña desde que a entregaron ao modelo de xestión privada?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2025 11:25:18





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No mes de febreiro de 2025 entrou en vigor a Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración ecolóxicas aprobada pola Xunta como unha medida para o cumprimento do Pacto Verde Europeo consistente na creación dunha rede territorial continua de espazos e elementos, que melloren a resiliencia ante o cambio climático, contribúan á conservación da biodiversidade e beneficien ás poboacións das contornas.

Dende o Grupo Socialista cremos que é esencial desenvolver este proxecto non só polos beneficios ecolóxicos que pode ter senón tamén turísticos e de conectividade.

Por iso, cremos que acompañando a esta estratexia ten que existir un plan que estableza as accións concretas a desenvolver no noso territorio, que estas estean debidamente orzamentadas e que conclúa cunha avaliación do seu grao de cumprimento.

Por outra banda, e dentro deste plan de infraestruturas verdes, sinalar que os socialistas levamos anos traballando na posibilidade de creación dunha Gran Vía Verde Atlántica que percorra dende A Coruña ata Portugal e conecte coa existente no país veciño, aproveitando os tramos de sendas verdes xa existentes (Cerceda-Oroso; Vilagarcía Portas; Redondela-Vigo), antigas vías de tren abandonadas (Pontevedra-Arcade) ou camiños preexistentes.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2025 12:03:30
Nº Rexistro: 20265
Data envío: 17/02/2025 12:03:30.180

Unha gran vía verde peonil e ciclable que poida tamén incorporar a Galicia á rede europea de rutas ciclistas EUROVELO, e conecte coa rede existente en Portugal que chega ata Vilanova da Cerveira.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Ten previsto este goberno aprobar un plan de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas, para desenvolver a Estratexia do mesmo nome, que conte con accións concretas a desenvolver, que estea debidamente orzamentado e que conclúa cunha avaliación do seu grao de cumprimento?
2. Comparte este goberno que a creación dunha gran vía verde atlántica, peonil e ciclista, pode ter grandes beneficios ecolóxicos, turísticos e de conectividade?

Santiago de Compostela, 17 de febrero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 17/02/2025 12:00:36

Carlos López Font na data 17/02/2025 12:00:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a CRTVG trasladar unha cobertura informativa sobre cuestións lingüísticas baseada en criterios obxectivos e académicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP converteu os medios públicos na súa terminal de propaganda. Son reiterados os exemplos de manipulación informativa co único obxectivo de protexer o control do poder do goberno do PP a custa de silenciar calquera información ou opinión diferente á oficial.

A censura e o apagón informativo a toda discrepancia co proxecto do PP constitúen un retroceso democrático que acompañará sempre o goberno de Feijóo e agora tamén o de Rueda.

Sirva como exemplo o proxecto de lei para os medios públicos, actualmente en tramitación parlamentaria, que o PP quere converter nun novo atropelo democrático ao rescindir dereitos profesionais e de participación das traballadoras e traballadores da Crtvg, así como nunha ferramenta devaluada a respecto do seu imprescindible papel normalizador da lingua galega, tal e como consta na Lei 9/1984, de 11 de xullo, de Creación da Compañía da Radio-Televisión de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A televisión e a radio públicas son o único espazo para o galego. Con todo, vemos como avanza a menor presenza da lingua galega en determinados programas e, por primeira vez, facilitarase que os aspirantes ás probas de acceso se poida facer en castelán en vez de en galego.

A mímese entre o PP e a RTVG é total tamén no discurso a respecto da lingua galega neste momento de mínimos históricos no seu uso e con problemas importantes para que as crianzas o poidan aprender na escola.

Os medios públicos, para alén de negar a diagnose actual de emerxencia lingüística que evidenciou o IGE, así como a demanda de múltiples institucións e colectivos ao goberno da Xunta dun cambio de rumbo na política lingüística, amplifica o discurso falso do PP para negar a realidade e manipular a sociedade.

É por iso que máis de medio cento de sociolingüistas acaban de facer unha denuncia pública requiríndolle á TVG que deixe de empregar o termo “bilingüismo cordial”, inventado polo goberno do PP, para anular o concepto sociolingüístico correcto de “diglosia” para identificar a desigualdade e a falta de liberdade de uso en que vive a lingua galega.

Por todo isto formulamos a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai rectificar a CRTVG e comezar a transmitir unha cobertura informativa sobre cuestións lingüísticas baseada en criterios obxectivos e académicos?

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 17/02/2025 12:13:24





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do colectivo LGTBI en Galicia presenta unha realidade complexa pola inacción da Xunta nesta materia, así como polo impacto das políticas regresivas promovidas polos gobernos do Partido Popular. A Lei 2/2014 para a igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, promovida polo PSdeG, naceu como un importante avance para o colectivo, pero quedou sen desenvolver plenamente. Este esforzo situou a nosa comunidade como un referente, mais o tempo, a inacción e as novas ameazas políticas deixaron esta sen aplicación práctica.

Isto é provocado, entre outras cousas, pola falta dun réxime sancionador e de recursos suficientes para aplicar a lei, que evidencian o desleixo do goberno autonómico cara as demandas do colectivo. A isto súmase a relegación das políticas de diversidade a estruturas que carecen de peso real na administración.

Os datos resultan alarmantes: o acoso escolar vinculado á LGTBIfobia segue presente como un problema estrutural, a exclusión nas zonas rurais amplifica a vulnerabilidade, mentres que no ámbito sanitario, as persoas LGTBI poden afrontar unha atención inadecuada debido á ausencia de formación específica. A estas carencias súmase o impacto dos discursos de odio, catalizados pola aparición de grupos de ultradereita. Casos como o asasinato de Samuel Luiz





na Coruña lembran a urxencia de reforzar as políticas públicas e a protección efectiva dos dereitos do colectivo.

Concretamente, segundo o informe “*Estado del Odio: Estado LGTBI+ 2024*” elaborado pola Federación Estatal LGTBI+ vemos que, en termos absolutos, extrapolando sobre as 3.500.000 persoas LGTBI, no último ano 700.000 sufriron acoso, 800.000 discriminación e 250.000 persoas sufriron agresións físicas ou sexuais. No últimos cinco anos as cifras son 1.000.000 de persoas LGTBI acosadas, 1.100.000 de persoas LGTBI discriminadas e 350.000 persoas LGTBI agredidas. Se miramos máis atrás no tempo, nos últimos 5 anos un 28,70% viviu situacións de acoso, un 32,40% de discriminación e un 10% violencia física ou sexual.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera pertinente a Xunta de Galicia non dispoñer dun réxime sancionador na lei galega 2/2014 tendo en conta os delitos de odio que sofren as persoas pertencentes a estes colectivos?
2. Valora a Xunta de Galicia a aprobación dun réxime sancionador a través da aprobación dunha normativa galega que permita ao goberno de Galicia condenar os ataques LGTBIfóbicos?
3. Cree que a lei exposta contempla as novas formas de discriminación e odio cara o colectivo LGTBI?
4. Vai a Xunta de Galicia incrementar as partidas orzamentarias cara os programas destinados a atender as necesidades dos colectivos LGTBI, tendo en conta que os orzamentos actuais non satisfán tales demandas?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2025 12:29:29
Nº Rexistro: 20269
Data envío: 17/02/2025 12:29:29.362

Santiago de Compostela, a 17 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 17/02/2025 12:25:59

Elena Espinosa Mangana na data 17/02/2025 12:26:14

CSV: B0R0G0\$B@Hm3sTqR1D-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71202

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tal e como se recollen nos diferentes artigos dentro do Capítulo V da Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de LGTBI en Galicia, a Xunta de Galicia, por mediación da Consellería competente en materia de educación correspóndelle as diversas tarefas de formación, divulgación, información e realización de diversas actividades relativas a favorecer o coñecemento e información sobre a realidade LGTBI. Ademais, non podemos olvidar que o acoso escolar vinculado á LGTBIfobia segue presente como un problema estrutural en Galicia.

É por iso polo que a aposta pola educación inclusiva ten que ser un dos piares fundamentais da nosa educación. O acoso escolar e a exclusión que sofren moitos menores LGTBI esixen unha resposta contundente e transversal. Débese promover a necesidade dun plan integral contra a LGTBIfobia nas aulas, que inclúa formación específica para docentes e alumnado, así como proxectos pedagóxicos que visibilicen e normalicen a diversidade afectivo-sexual desde idades temperás.

Ante esta situación, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cree suficiente a Xunta de Galicia a formación actual dos docentes respecto identidade de xénero, diversidade afectivo-sexual e sobre a realidade LGTBI nos casos nos que se dan casos de discriminación por estes motivos?
2. Considera oportuno non contar cun plan integral contra a LGTBIfobia nas aulas, que inclúa formación específica para docentes e alumnado?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2025 12:32:10
Nº Rexistro: 20275
Data envío: 17/02/2025 12:32:10.832

3. Contempla a Xunta de Galicia destinar unha partida orzamentaria específica e con fondos propios para concienciar e combater a discriminación LGTBIfóbica no ámbito educativo?
4. Cal é o orzamento exacto destinado a combater a LGTBIfobia no marco da “*Estrategia galega da convivencia escolar 2025*” anunciada pola Xunta de Galicia para este cometido?
5. Cales foron os resultados específicos da “*Estrategia galega da convivencia escolar 2025*” dende o seu periodo de aprobación na loita contra a LGTBIfobia?
6. Cantas persoas do colectivo LGTBI foron atendidas por ter sufrido unha discriminación grazas á “*Estrategia galega da convivencia escolar 2025*”?

Santiago de Compostela, a 17 de febrero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 17/02/2025 12:26:36

Elena Espinosa Mangana na data 17/02/2025 12:26:46







**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2025 16:32:54
Nº Rexistro: 20291
Data envío: 17/02/2025 16:32:54.488

adaptar así á nova normativa o organigrama e funcionamento xudicial do noso territorio.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que medidas ten previsto implementar o Goberno galego para a implantación e entrada en vigor da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do servizo público de xustiza?

Santiago de Compostela, 17 de Febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 17/02/2025 12:39:20

Patricia Iglesias Rey na data 17/02/2025 12:39:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a Fundación galega para a ciencia anunciada pola Xunta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de febreiro de 2025 o Consello da Xunta anunciou a creación da Fundación Galega de Atracción de Talento Investigador de Alto Nivel (Fundación Galtia), un ente público co que pretenden contratar 30 persoas investigadoras de excelencia até 2030 que se dirixirán, fundamentalmente, á rede de centros de investigación universitaria que conforman a rede CIGUS, os centros tecnolóxicos, as fundacións sanitarias e os organismos de investigación titularidade da Xunta.

O goberno galego prevé un investimento de 35 millóns de euros.

Segundo trasladou o Conselleiro de Educación publicamente, ao longo deste ano 2025 a Xunta comezará a falar co ecosistema da I+D+i galega sobre este asunto para logo crear a Fundación, aprobar os estatutos da mesma e elaborar os convenios coas entidades receptoras dos contratos.

Esta Fundación semella máis unha evolución do programa Oportunius que realmente unha ferramenta de impulso da I+D+i en Galiza e sería unha mágoa limitar as posibilidades que ofrecen este tipo de iniciativas tan necesarias para potenciar o ecosistema investigador galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que limita a Xunta de Galiza só á contratación de talento investigador de excelencia a nova Fundación?
- Por que non utiliza o Goberno galego a Fundación para impulsar o ecosistema investigador e trazar unha carreira investigadora completa?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/02/2025 09:46:39





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font, Lara Méndez López e Paloma Castro Rey, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación das comunicacións por transporte público que conecta de Ferrol con distintas cidades de Galicia son francamente preocupantes e impropios do tempo en que nos atopamos. Na situación actual na que é necesario que o transporte sexa sostible é fundamental dispoñer de sistemas de transporte publico eficientes que non fagan necesaria a utilización do vehículo particular.

No caso de Ferrol o transporte por autobús é fundamental para establecer a comunicación entre aos núcleos de poboación que se atopan a ambos lados da ría e tamén para a conexión da comarca de Ferrol co resto das cidades de Galicia e rachar así situación de illamento de Ferrolterra. Esta situación que vai mais alá dos atrasos, o descontento ou a inseguridade de viaxar en autobús, afecta a conciliación da vida familiar, a preservación do medio ambiente, o aceso ao mundo laboral, a educación e a sanidade, así como as posibilidades económicas e sociais da mocidade e maiores e, como non, a sinistralidade nas estradas.

Xa son coñecidas as protestas que se realizaron nos pasados anos pola situación deficiente da comunicación entre Ferrol e A Coruña pola AP-9, que supuxeron unha importante protesta da poboación de ambas cidades para que a Xunta de Galicia tomara as medidas e, por fin, se paliaron parte dos problemas que presentaba esa conexión.





Sen embargo, o que segue sen ter unha solución minimamente aceptable é o establecemento en boas condicións dunha conexión entre Ferrol e Lugo e viceversa por estrada, xa que a solución polo ferrocarril esta actualmente en fase de estudo. Neste momento, a conexión por autobús é a única eficiente nestas dúas cidades de Galicia entre as que existen importante conexións e iteración tanto dende o punto de vista económico, industria e tamén educativo, non hai que esquecer que en ambas cidades atópanse dous campus universitarios nas que se imparte titulación únicas no SUG o que obriga a numerosos estudantes a desprazarse entre ambas cidades para realizar os seus estudos.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cree a Xunta de Galicia que os servizos de transporte escolar entre Ferrol e Lugo reúne as condicións adecuadas de frecuencias e calidade na prestación do servizo?
2. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia para reforzar os servizos de autobús entre Ferrol e Lugo?

Santiago de Compostela, a 18 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 18/02/2025 10:27:37

Carlos López Font na data 18/02/2025 10:27:47





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 10:36:25
Nº Rexistro: 20332
Data envío: 18/02/2025 10:36:25.209

Lara Méndez López na data 18/02/2025 10:27:57

Paloma Castro Rey na data 18/02/2025 10:28:06

CSV: B0REBQ-SMCHgGsaKtM8ID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71211

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 11:28:34
Nº Rexistro: 20337
Data envío: 18/02/2025 11:28:34.901

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación das comunicacións por transporte público na comarca de Ferrol son francamente preocupantes e impropios do tempo en que nos atopamos. Na situación actual na que é necesario que o transporte sexa sostible é fundamental dispoñer de sistemas de transporte publico eficientes que non fagan necesaria a utilización do vehículo particular.

No caso da ría de Ferrol o transporte por autobús é fundamental para establecer a comunicación entre os núcleos de poboación que se atopan a ambos lados da ría, do que dependen as actividades e acceso aos servizos básicos como son educación, sanidade, dependencia así como o acceso aos núcleos industriais que se atopan distribuídos por toda a ría.

A Xunta de Galicia tomou a decisión de que a rede de transporte público e a rede de transporte escolar se integraran, tanto no servizo prestado como na dirección administrativa da Consellería de Presidencia. Esta situación fai necesario un importante esforzo de seguimento e de reforzo da situación, liñas e horarios en que a prestación de ambos servizos pode ser crítica.

Esta é a situación que nos atopamos nas liñas que conectan Ares e Mugardos. Nesta última poboación atópase o Instituto de referencia da comarca polo que moitos alumnos e alumnas desprázanse cara a Mugardos dende Ares á hora de inicio da docencia e en sentido inverso na súa finalización.





Esta situación e a deficiente planificación das horas e frecuencias dos servizos fai que o servizo se vexa superado e, nalgunhas situacións, para as persoas viaxeiras teñen que ir en condicións non adecuadas de seguridade. A Policía local ten rexistrado un número importante de persoas usuarias superiores aos regulamentados. Ademais, a inexistencia de servizos adaptados fai que alumnas e alumnos con dificultades de mobilidade teñan que renunciar a utilización do servizo escolar de transporte para asistir as clases no instituto de Mugardos

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cree a Xunta de Galicia que os servizos de transporte escolar entre as localidades da ría de Ferrol, principalmente Ares e Mugardos, reúnen as condicións adecuadas de prestación do servizo?
2. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia para reforzar os servizos de autobús entre Ares e Mugardos en horario de uso polos escolares?

Santiago de Compostela, a 18 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 18/02/2025 11:23:23

Carlos López Font na data 18/02/2025 11:23:34





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 11:28:34
Nº Rexistro: 20337
Data envío: 18/02/2025 11:28:34.901

Paloma Castro Rey na data 18/02/2025 11:23:43

CSV: B0R0G-58Gy63xTh8ID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71214

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación das comunicacións por transporte público na cidade de Ferrol son francamente preocupantes e impropios do tempo en que nos atopamos. Na situación actual na que é necesario que o transporte sexa sostible é fundamental dispoñer de sistemas de transporte público eficientes que non fagan necesaria a utilización do vehículo particular.

No caso de Ferrol, onde o transporte por ferrocarril é moi deficitario, é necesario dispoñer dun bo sistema de transporte de bus interurbano que comunique cos núcleos urbanos de Coruña, Santiago, Lugo, etc.

Un bo servizo de transporte en autobús comeza por unhas boas instalacións de acceso ao servizo, é dicir, dunha estación adecuada ao servizo que debe cumprir.

A estación de autobuses de Ferrol atópase neste momento nunha situación lamentable tanto polas súas instalacións e o mantemento como polo entorno e os accesos. A falta de vixilancia, persoal de información e iluminación de madrugada e a última hora do día son as principais reclamacións que expresan as persoas usuarias para mellorar a seguridade e a actividade da estación.

A Xunta de Galicia acometeu o ano pasado algúns traballos de acondicionamento destas infraestruturas que contemplaron pequenas melloras na iluminación exterior e a reposición do alumeado interior do edificio. Tamén





se reparou parte da beirarrúa e na zona do taller e as dársenas. Por último, intviuse nos baños das instalacións.

É frecuente que as persoas usuarias se atopen as instalacións pechadas e apagadas cando queren utilizar os servizos a primeira hora, sobre as 8 da mañá, agolpándose na porta esperando a que abraise para poder baixar ás dársenas de onde parten os buses. Nalgunhas ocasións as persoas pasaxeiras non teñen máis remedio que acceder pola propia rampla que usan os autobuses, co conseguinte perigo, pero non había outra alternativa. A Policía local de Ferrol, é coñecedora da situación, xa persoas usuarias deron aviso e acudiu a comprobalo.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cree a Xunta de Galicia que os servizos que se prestan ás persoas usuarias do transporte por estrada na estación de autobuses de Ferrol é o adecuado?
2. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galicia ante os desaxustes nos servizos de uso e atención ás persoas usuarias se producen na estación de autobuses de Ferrol?

Santiago de Compostela, a 18 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 18/02/2025 11:26:47

Carlos López Font na data 18/02/2025 11:26:57





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 11:29:43
Nº Rexistro: 20342
Data envío: 18/02/2025 11:29:43,152

Paloma Castro Rey na data 18/02/2025 11:27:04

CSV: B0R0G5PXBHs&TrorID=0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71217

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a exclusión da zona de amortecemento situada ao sudoeste da Serra do Careón da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En agosto de 2022, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta someteu a información pública e transparencia a Estratexia Galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas.

No Consello da Xunta do 7 de outubro de 2024 adoptouse o seguinte acordo: “Acordo polo que se toma razón da aprobación pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas”.

Catro meses despois, no DOG do 10 de febreiro do 2025 publicouse a orde do 4 de outubro de 2024 pola que se aproba a “Estratexia Galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas”.

No documento aprobado e publicado hai algúns cambios significativos a respecto do documento sometido a información pública no ano 2022. Segundo denunciou a SGHN, un dos cambios máis escandalosos é a mutilación da zona de amortecemento na zona sudoeste da Serra do Careón (ZEC Serra do Careón), entre os concellos de Palas, Santiso e Agolada, xustamente nos terreos en que se pretende instalar a macrocelulosa de Altri-Greenfiber. Unha zona por certo que alberga hábitats e especies de interese prioritario e comunitario e que foi proposta polo mesmo goberno da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta do PP en 2012 para a ampliación da Rede Natura 2000, proposta finalmente arquivada e desestimada.

O documento finalmente aprobado da Estratexia ten tamén importantes eivas no referente ao “Programa de accións” e o “Plan de seguimento e implementación da infraestrutura verde de Galiza”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que alegacións se presentaron en relación coa zona de amortecemento da Infraestrutura Verde situada ao sudoeste da ZEC Serra do Careón?

Que informes técnicos xustifican a eliminación desta zona de amortecemento?

Considera a Xunta que os hábitats e especies de interese comunitario e prioritario que alberga este espazo non merece protección?

Que previsións ten a Xunta en relación co “Programa de accións” e o “Plan de seguimento e implementación da infraestrutura verde de Galiza”?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 18/02/2025 11:43:42





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 11:51:29
Nº Rexistro: 20351
Data envío: 18/02/2025 11:51:29.629

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

1. Que tipos de permisos mineiros se están a tramitar ante o Goberno galego en relación coa canteira de Toén?
2. Cal é o estado de tramitación no momento actual?
3. Cal é a identificación empresa promotora que solicita os permisos na canteira de Toén? Presentou a empresa xa o proxecto de explotación con plan de restauración?
4. En que superficie e cuadrículas está prevista a explotación da canteira de Toén?

Santiago de Compostela, a 18 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 18/02/2025 11:49:06

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/02/2025 11:49:16

Lara Méndez López na data 18/02/2025 11:49:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71221

@PSdeG



CSV: BGEBG-SPG6W3Z7BRD-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza atópase nun proceso de reparto dos fondos de transición xusta estatais destinados para as dúas zonas de transición xusta existentes no país.

A Transición Xusta é unha estratexia global que busca promover un cambio económico e enerxético que non deixe a ninguén atrás. Os fondos europeos asignados ás rexións afectadas pola descarbonización, como Galicia, están destinados a minimizar os impactos socioeconómicos derivados do abandono dos recursos fósiles e da transformación industrial.

Galiza, coas súas características económicas e territoriais únicas, está recibindo unha parte significativa destes fondos para impulsar sectores sustentables, mellorar as infraestruturas e apoiar aos traballadores afectados pola transición.

As zonas de transición xusta no país son as formadas polos concellos de transición xusta das antigas centrais de carbón das Pontes e de Cerceda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Zona de Transición Xusta	Conce (COD_INE)	Concello
As Pontes	15015	Cabanas
As Pontes	15018	Capela A
As Pontes	15025	Cerdido
As Pontes	15036	Ferrol
As Pontes	15044	Mañón
As Pontes	15049	Moeche
As Pontes	15050	Monfero
As Pontes	15061	Ortigueira
As Pontes	15070	Pontes de García Rodríguez As
As Pontes	15076	San Sadurniño
As Pontes	15081	Somozas As
As Pontes	27033	Muras
As Pontes	27065	Vilalba
As Pontes	27021	Xermade
Meirama	15021	Carrai
Meirama	15024	Cerceda
Meirama	15041	Laracha A
Meirama	15059	Ordes
Meirama	15084	Tordoia

Os obxectivos xerais dos fondos da Transición Xusta en Galicia son:

- Promover un crecemento económico inclusivo e sustentable.
- Diversificar a economía local mediante o fomento das renovables e outras industrias verdes.
- Mellorar as habilidades laborais a través da formación e readaptación dos traballadores.
- Reducir as desigualdades territoriais e sociais.

Malia que os diversos documentos que conforma o convenio de transición xusta das dúas zonas de transición do país recoñecen a prioridade dos concellos que forman





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parte destas dúas zonas de transición xusta, os convocatorias executadas ata o de agora a través de diversos organismos autonómicos, non priorizan as inversións dentro destas áreas.

De feito os concellos lucenses de transición xusta da central térmica das Pontes, Muras, Vilalba e Xermade; exclúense destas convocatorias, provocando unha situación flagrante de discriminación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Coñece a Consellería de Economía e Industria o motivo polo que dúas convocatorias de axuda quedaron desertas?
2. Teñen pensado modificar os requisitos de acceso a estas axudas?
3. En futuras convocatorias, vaise modificar o ámbito territorial para engadir concellos da provincial de Lugo, limítrofes coas Pontes, afectados tamén polo peche da central?
4. Cal é o impacto destas axudas nas dúas zonas de transición xusta de Galiza?
5. Cantos postos de traballo se teñen creado a través dos fondos artellados por estas convocatorias?
6. Onde se localizan os proxectos que recibiron axudas dos fondos de transición xusta?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 18/02/2025 12:12:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a urxencia de a Xunta impulsar políticas públicas de acceso á vivenda para a mocidade na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A vivenda é cada vez máis un problema para a sociedade galega, especialmente para a xente moza, e a Xunta de Galicia ten que responder a esa inquedanza”.

Estas palabras do presidente da Xunta, pronunciadas na rolda de prensa posterior ao consello de goberno do pasado 7 de outubro, constitúen unha afirmación que desde o grupo parlamentario do BNG saudamos, pois replican unha constatación que desde o noso grupo temos manifestado en múltiples iniciativas parlamentarias e demandado actuacións ao goberno da Xunta.

Dende o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas de que as políticas públicas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise en que acceder a unha vivenda se converte nun imposible para a maioría social galega.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de quince anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública, vémosto na cidade da Coruña.

As persoas inscritas como demandantes de vivenda pública no rexistro do Instituto Galego da Vivenda e Solo supera as 2.300 persoas, mentres A Coruña conta con máis de 20.000 vivendas baleiras, segundo o INE, e as Vivendas de Uso Turístico





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non deixan de aumentar, reducindo a oferta habitacional en réxime de aluguer e sen atender á súa regulación por parte da Xunta.

A oferta de vivendas en aluguer segue a diminuír na Coruña e os prezos non deixan de subir, o que obriga a cidadanía a dedicar até o 54,12% do salario medio galego, o que fai inviábel garantir o acceso a unha vivenda digna.

Un problema que na Coruña está a sufrir a xente moza que vén estudar á nosa cidade.

A Coruña é unha cidade universitaria e resulta inexplicable que a día de hoxe non conte con oferta de ningunha praza de residencia pública por parte da Xunta, unha das razóns que está a condicionar, cando non impedir, o acceso a estudos superiores e á formación educativa universitaria na UDC.

Neste mes de febreiro o Concello da Coruña anunciou a cesión de solo municipal á Xunta para a construción de máis de 300 vivendas públicas na cidade; unha destas parcelas está situada en Xuxán, un barrio de nova construción situado nunha zona moi próxima ao campus universitario de Elviña.

Insuficiente oferta habitacional de aluguer, incremento de prezos abusivos e ausencia de prazas en residencias universitarias públicas están a conformar un contexto de crise extrema que está a negarlle ao estudantado o acceso a unha vivenda digna e mesmo á educación superior.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta que a cidade universitaria da Coruña non dispoña en 2024 de ningunha praza de residencia pública?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que programas de acceso á vivenda pública desenvolveu a Xunta na Coruña nos últimos 15 anos?
- Cales deses programas estiveron centrados en facilitar o acceso á vivenda para a mocidade?
- Que medidas se compromete a desenvolver a Xunta para resolver a situación tan crítica coa que se encontra a mocidade para acceder á vivenda na Coruña? En que prazo?
- Comprométese o goberno a desenvolver unha bolsa de vivenda pública en réxime de aluguer na Coruña destinada ao estudantado de formación superior? En que prazo?
- Comprométese a ofertar prazas en residencias públicas, rehabilitando infraestruturas existentes e creando outras novas en terreos propiedade da Xunta de Galiza? En que prazo?
- Comprométese a reservar unha parte das vivendas que se constrúan nos soares cedidos polo Concello da Coruña á Xunta para ofertalas ao estudantado en réxime de aluguer a prezos asequíbeis?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2025 16:20:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os compromisos que a Xunta debe adquirir para impulsar a creación de contidos dixitais en galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O futuro do galego depende da súa existencia real en todos os contextos comunicativos sen exclusións. Para iso cómpre garantir o dereito ao seu uso en todo o momento e en todo o lugar.

Neste sentido, é imprescindible a súa presenza como lingua do espazo dixital que está a actuar como ponte de comunicación na sociedade actual, nomeadamente para as xeracións máis mozas.

Nun momento en que os datos oficiais e científicos confirman un estado de saúde crítico para o galego, é irrenunciábel, por parte da Xunta, pór en andamento todas aquelas medidas conducentes reforzar a presenza da nosa lingua propia naqueles espazos de comunicación máis contemporáneos e prestixiados socialmente como son as redes sociais e os contidos dxs creadorxs dixitais.

No BNG acreditamos na urxencia de a Xunta impulsar estratexias que permitan a produción de contidos en galego nos medios dixitais, coa intención de amplificar a nosa lingua en Internet e dar vida ao galego nas plataformas sociais, onde xa son unha realidade aquelas persoas que apostan por comunicar en galego en todo tipo de contextos e con obxectivos diferentes que abranguen desde o laboral ou o formativo até o entretemento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como lingua minorizada o galego precisa dun goberno que asuma a súa responsabilidade para velar pola oferta positiva da lingua galega na comunicación dixital. No entanto, a falta de apoio da Xunta desde unha política lingüística activa e a favor do galego fai que a día de hoxe moitas das redes sociais non teñan o galego como lingua de uso e isto penalice o seu emprego e a difusión dos contidos dixitais, de calidade e prestixio, que cada vez máis creadorxs están a ofertar desde a rede.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o goberno galego a realidade dxs creadorxs dixitais en lingua galega?
- É consciente o goberno das limitacións que supón a Ley 53/1984 para as traballadoras e traballadores da función pública que tamén son creadorxs de material audiovisual destinado ás redes sociais vinculado á súa profesión, como é o caso dos docentes?
- Que xestións ten feito co goberno do Estado para actualizar o artigo 19 da devandita lei?
- Que accións ten desenvuelto a Xunta para garantir o dereito a dispoñer da opción en lingua galega nas plataformas sociais en que aínda non é posíbel?
- Prevé a Xunta convocar liñas de financiamento vinculadas á formación e ao desenvolvemento técnico para a creación de contidos dixitais en lingua galega?
- Entende o goberno que é preciso reforzar a visibilidade dxs creadorxs dixitais en lingua galega a través dos medios de comunicación públicos co obxectivo de crear referentes propios á sociedade galega? Que medidas está a pór en andamento? Como as vai reforzar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas está a impulsar a Xunta para promover a produción de contidos en galego nos medios dixitais, coa intención de amplificar a nosa lingua en Internet e dar vida ao galego nas plataformas sociais?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 18/02/2025 16:44:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A biodiversidade podemos definila como *"a variabilidade de organismos vivos de todas as clases, incluída a diversidade dentro das especies, entre as especies e dos ecosistemas"*.

Ademais do seu valor intrínseco, a biodiversidade é fundamental para a existencia do ser humano e, usada dun modo sustentable, é unha fonte ilimitada de recursos e servizos moi variados. A biodiversidade está estreitamente ligada á saúde e o benestar das persoas e constitúe unha das bases do desenvolvemento social e económico. A conservación da biodiversidade e o mantemento e a restauración dos ecosistemas son igualmente relevantes na loita contra o cambio climático, un dos principais retos ambientais que afronta a humanidade neste momento.

O mantemento da biodiversidade é clave para avanzar cara a un modelo de economía verde e desenvolvemento sustentable, e reduza o impacto das actividades humanas e poña en valor a relevancia que teñen os ecosistemas para o desenvolvemento e o benestar humano.

As especies invasoras son especies introducidas de forma natural, accidental ou intencionada nun ecosistema que non é o seu conseguindo logrando adaptarse, establecerse, reproducirse e dispersarse até colonizar a contorna, formar novas poboacións e causar impactos na biodiversidade, actúan como depredadores, impedindo o desenvolvemento das especies nativas, alteran o hábitat, compiten polo alimento e o espazo, se hibridan coas especies nativas,





introducen novos parásitos e enfermidades, etc. Son a segunda causa de perda de biodiversidade no mundo.

A aparición de especies invasoras teñen un maior efecto en ecosistemas que están nunha situación de equilibrio frágil ou que teñen a súa biodiversidade afectada pola implantación de sistemas de acuicultura semi-intensiva ou de cultivos extensivos, como é o caso das rías galegas cos sistemas de cultivo en batea, fundamentalmente de mexillón, e nos bancos marisqueiros.

Recentemente reportouse a presenza nas costas cantábricas dunha nova especie invasora, a planaria *Postenterogonia orbicularis*, procedente do océano Pacífico, que se alimenta de bivalvos como mexillóns, recoiro e ameixas con tal voracidade que pon en risco os ecosistemas mariños e a industria acuícola e marisqueira nas zonas onde se establece, sendo unha seria ameaza xa que é un voraz depredador dos moluscos. Esta especie foi identificada por primeira vez en augas europeas no porto de Avilés e de Xixón. Neste mesmo ano xa foi reportado, e comunicado á Xunta de Galicia, por persoal da confraría de pescadores de Ribadeo no seu porto, e o previsiblemente será que se desprazase ao longo da costa co que a súa chegada aos hábitats das rías pode ter un efecto devastador.

É por isto, polo que os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas ten establecidas a Consellería do Mar ante a aparición da planaria *Postenterogonia orbicularis* nas nosas costas?
2. Ten previstas a Xunta de Galicia desenvolver unha rede de vixilancia para detectar a aparición e probable extensión da planaria *Postenterogonia orbicularis* nas costas de Galicia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 10:42:52
Nº Rexistro: 20442
Data envío: 19/02/2025 10:42:52.349

Santiago de Compostela, a 18 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 19/02/2025 10:30:35

Carlos López Font na data 19/02/2025 10:30:44

CSV: B0R0G-S7Z46S1Tf6RID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71235

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:56:01
Nº Rexistro: 20458
Data envío: 19/02/2025 11:56:01.362

Á MESA DO PARLAMENTO

María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

As organizacións sindicais veñen de denunciar a grave situación que atravesan as brigadas de bombeiros e bombeiras forestais, vehículos motobomba, puntos de vixilancia e centros de coordinación debido á falta de cobertura de prazas vacantes, así como á non cobertura de incapacidades temporais de longa duración.

A falta de cobertura das vacantes existentes provoca que moitas brigadas operen con só catro ou cinco efectivos, o que non só supón unha sobrecarga para os traballadores e as traballadoras, senón que tamén pon en risco a eficacia do servizo de prevención e extinción de incendios, así como a propia seguridade do propio persoal.

Por iso, este grupo parlamentario entende que o Goberno galego debe proceder á cobertura das vacantes no servizo de prevención e extinción de incendios (SPIF) e garanta que brigadas, motobombas, puntos de vixilancia e centros de coordinación contén co número de efectivos necesarios para desempeñar o seu labor con seguridade e eficacia.

Ademais, lembran as organizacións sindicais que preto de 1.000 efectivos do servizo de prevención de incendios forestais aínda non comezaron a súa actividade sen que se estean a realizar as tarefas que o Pladiga que considera os meses de marzo a xuño como de perigo medio de incendio.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:56:01
Nº Rexistro: 20458
Data envío: 19/02/2025 11:56:01.362

Por este motivo, pedimos á Consellería do Medio Rural a activación de todo o dispositivo coa maior urxencia posible para garantir a protección do monte galego.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan:

1. Por que non procede a Xunta de Galicia á cobertura de vacantes de longa duración no SPIF?
2. Cal é o número de vacantes de longa duración que se atopan sen cubrir no SPIF e os postos que ocupan por provincias?
3. Vaise proceder á cobertura de vacantes no SPIF de permisos, vacacións, licencias etc, para que se poida realizar a preceptiva prevención antes da tempada de alto risco de incendios?
4. Que medias preventivas establecidas no Pladiga se levaron a cabo ata o de agora pola Consellería de Medio Rural, distribuídas por distrito?
5. Que organigrama de actuación, por distrito, ten prevista a Consellería do Medio Rural respecto das medidas preventivas sinaladas no Pladiga dende agora ata a tempada de alto risco de incendios?

Parlamento de Galicia, 19 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71237

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 11:56:01
Nº Rexistro: 20458
Data envío: 19/02/2025 11:56:01.362

Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/02/2025 11:48:41

Lara Méndez López na data 19/02/2025 11:48:53

CSV: BG9BQ5RQDx3s1Tr4R1D-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71238

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á participación de Xesgalicia en empresas do sector da biomasa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 18 de febreiro podíamos ler nun diario de máxima tirada que a compañía Biomasa Forestal, cunha fábrica de pellets en As Pontes, presentaba un cambio de accionariado.

Segundo esta nova, Acttia, integrada no grupo Gestán, reforza a súa participación na compañía ao alcanzar o 94,3% do capital. Xa era o principal propietario da planta, cun 55,6%, pero o pasado mes de decembro aumentou a súa hexemonía ao adquirir o 14% que posúe Greenalia, a través de Smarttia, e o 24,7% que posúe Xesgalicia, a través de Galicia Compite FICC.

Na capital mantense as mesmas porcentaxes: o Inega, cun 3,4%; e a empresa pontesa Conplc Automatización, cun 2,3%.

Tras os cambios de accionariado, Greenalia e Xesgalicia deixan o consello de administración de Biomasa Forestal.

A fábrica de pellets de As Pontes funciona dende o ano 2001. Trata cada día entre 300 e 500 toneladas de troncos de piñeiro. Cada un deles produce unha media do produto resultante, destinado a cociñas e caldeiras de calefacción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En 2022, a empresa facturou 12,6 millóns de euros, un 105% máis que o ano anterior, segundo as contas presentadas no Rexistro Mercantil. O ano pasado, o persoal estaba composto por 28 empregados.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal é o motivo que impulsa a venda das accións de Xesgalicia na planta de pellets de Biomasa Forestal?
2. Cantas accións dispoñía Xesgalicia en Biomasa Forestal?
3. Cal era a valoración económica desas accións?
4. Obtivo Xesgalicia plusvalía da venda destas accións?
5. Ten pensado o Inega vender a súa participación nesta planta?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 19/02/2025 12:12:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ampliación do polígono de Bértoa (Carballo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O polígono de Bértoa (Carballo) é unha das áreas industriais e de implantación empresarial de maior proxección de Galiza. Empresariado do polígono, Concello de Carballo e a propia Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) coinciden no carácter estratéxico deste parque como polo de xeración de emprego, con incidencia local mais tamén comarcal, e en consonancia, na necesidade de potencialo.

O eixo industrial que conforma o polígono industrial de Bértoa cos de A Laracha e Arteixo, e a conexión con Punta Langosteira e o porto exterior, converteuno nun dos de maior actividade e crecemento nos últimos anos, e o pulo dos empresarios deste polígono carballés conferiulle un dinamismo diferenciado e diferencial (*distinto ao de calquera parque e que o diferencia de outros parques*) a este parque.

A súa ubicación, e ese dinamismo, fixeron do parque carballés un dos máis atractivos para a implantación empresarial, o cal se traduciu nunha venda constante de parcelas nos últimos anos. Até o punto que, a día de hoxe, o Polígono industrial de Bértoa carece dun só metro de solo susceptible de ser ocupado por novas empresas que se queiran implantar na nosa zona.

O feito de esgotarse oficialmente a oferta de solo industrial de promoción pública no concello de Carballo constitúe un freo para o crecemento do parque, e por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ende, para xerar sinerxías positivas desde o punto de vista da creación de emprego e desenvolvemento económico de Carballo e da propia comarca.

A ampliación deste polígono contaba xa nos orzamentos do 2009 cunha partida (que nunca se chegou a executar), mais houbo que esperar ao ano 2020 para se anunciar polo Goberno galego a execución desa ampliación para o ano seguinte. Xa nese momento desde o Goberno local se advertía que, polos tempos de tramitación, o polígono non estaría en disposición de ofertar solo industrial antes do 2024. Foron estas previsións optimistas, á vista da situación actual.

Cinco anos despois dese anuncio, malia a súa reiteración por parte do Partido Popular en épocas electorais, a realidade é que en Carballo non queda nin un só metro de chan industrial. O reiterado incumprimento, por parte da Xunta de Galiza, dos prazos fixados pola propia Administración galega, sitúan a Carballo na situación, perfectamente evitable, de non dispor dun só metro cadrado de solo que ofertar para a implantación de empresas. O que supón un auténtico “tapón” para o desenvolvemento e crecemento do tecido industrial tanto a nivel local como comarcal.

En canto á tramitación administrativa, despois de adxudicarse a finais do ano pasado a redacción do proxecto de expropiación, así como a redacción do proxecto de desenvolvemento e urbanización e do de parcelamento do Plan Estruturante, ambos contratos seguen a esperar pola súa formalización.

A dilación inustificada do inicio da tramitación da ampliación, así coma o incumprimento sistemático e reiterado dos anuncios e promesas da administración competente, supuxo unha perda de oportunidades e supón un lastre para o crecemento do propio parque, para Carballo, mais tamén para o desenvolvemento económico da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera a Xunta de Galiza que a ampliación do polígono de Bértoa é unha prioridade para a dinamización económica e a creación de emprego na comarca de Bergantiños e na Costa da Morte?
- Coñece a Xunta de Galiza cal é a dispoñibilidade actual de solo industrial público no polígono de Bértoa?
- Cal é o motivo polo que non se acometeu a ampliación do polígono de Bértoa con anterioridade?
- Considera o goberno galego que este polígono industrial é susceptible de ter a catalogación de “Polígono Q”? Considera que a obtención dese selo é importante para a proxección e potenciación do parque?
- Existe un cronograma para a ampliación deste polígono? Cal é?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2025

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 19/02/2025 12:47:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os cambios de criterio da Xunta no réxime de adxudicación de VPP.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos principais lastres para o incremento progresivo do parque público da vivenda é a adxudicación en réxime de compravenda das vivendas que se promoven directamente dende a Xunta. Esta decisión política está vinculada a un modelo de vivenda protexida, compartido co estado español ou co italiano, cuxo obxectivo fundamental foi historicamente a dinamización económica do sector da construción e que as familias con menor renda puidera alcanzar a vivenda en propiedade; sen que se tivese en conta o impacto negativo que isto supuña en termos de planificación interxeracional do parque público de vivenda, nin os efectos a longo prazo da transformación de inxentes recursos públicos en plusvalías particulares logo da súa descualificación.

Este modelo dista das políticas desenvolvidas noutros países europeos logo da Segunda Guerra Mundial orientada á creación de grandes parques de vivenda pública aos que se accedía fundamentalmente a través do aluguer. A pesar de que dende os anos 1980 algúns destes estados viraron as súas políticas cara un aumento das vendas do seu parque público, o certo é que segue existindo unha gran diferenza e cuanto ao peso que representa o parque público de vivenda respecto do total construído. Así, mentres que a vivenda pública representa o 20% do parque residencial de Dinamarca, o 24% de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Austria, o 16% de Francia, o 17% do Reino Unido ou o 30% dos Países Baixos, Galiza non chega ao 0,3% de vivenda pública respecto do parque total de vivendas.

Logo de que a situación de emerxencia habitacional puxese de manifesto as graves deficiencias en materia de vivenda protexida en Galiza, en novembro de 2023 a Xunta de Galiza emitiu a *instrución 2/2023 sobre o réxime de adxudicación das novas promocións de vivendas protexidas de promoción pública promovidas polo IGVS*. Nesta establécese que a adxudicación das VPP que integran o parque público de vivendas do IGVS deberá ter lugar unicamente en réxime de arrendamento e que non se poderá recoller a posibilidade do cambio de réxime a compravenda.

Segundo informacións publicadas, a Xunta tomou esta decisión para permitir incrementar o parque público de inmobles do IGVS e para facilitar a rotación ao dispor destas en aluguer. Trátase por tanto dunha decisión acaída que permitiría fortalecer o parque de vivenda pública e convertela nun investimento estratéxico.

Por iso é chamativo que a Xunta de Galiza veña de anunciar que novamente parte das VPP que a Xunta prevé construír a través Vipugal, van ser adxudicadas en réxime de venda. Esta decisión supón nun retroceso e unha impugnación ás súas propias decisións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que motiva o cambio de criterio da Xunta de Galiza de volver adxudicar en réxime de compravenda novas vivendas VPP?
- Cantas vivendas teñen previsto vender?
- Consideran que xa non están vixentes os criterios que motivaron na Instrución que prohibía a venda de VPP?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É consciente a Xunta de Galiza que isto supón un retroceso na estratexia de ampliación do parque público de vivendas?
- Cantas vivendas VPP se adxudicaron en primeira transmisión en réxime de compravenda en cada anualidade durante os últimos 10 anos?
- Cantas vivendas VPP solicitaron o cambio de réxime de aluguer a compravenda en cada anualidade durante os últimos 10 anos?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 19/02/2025 13:07:31



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A EHE deixou no noso país durante o 2024 un regueiro de animais positivos á diagnose en laboratorio que sobrepasaron os 5300 bovinos e máis de 800 mortos no mesmo período. Esta situación, que se viña estendendo dende 2023 no noso territorio, deixou graves perdas no sector gandeiro galego, atravesando situacións moi complexas a nivel sanitario no seo das explotacións tanto de produción cárnica coma leiteira.

Tras a petición, por parte do BNG, do aumento das contías para indemnización no caso dos falecementos, que resultaban de pouca relevancia no anterior período, e a solicitude, asemade, da creación de axudas para garantir a gratuidade da vacina para inmunizar o gando, para cubrir os custos do tratamento e os servizos veterinarios da atención dos animais afectados ou o lucro cesante, a Xunta de Galiza anunciou unha partida económica. Este diñeiro, no que a metade era achegado por outras administracións, adicouse ao pago das mortes e creouse unha liña na que as explotacións beneficiarias eran as que presentaran positivos confirmados polos servizos veterinarios propios da Xunta de Galiza no período citado, para as cales non era preciso levar a cabo a solicitude por parte dos titulares. Deste xeito, o sector foi informado a través do DOGA do 27 de xaneiro do 2025 da resolución destas axudas, tendo o prazo dun mes para a presentación da aceptación da indemnización por parte dos propietarios das explotacións afectadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cantas explotacións aceptaron as indemnizacións destinadas aos prexuízos causados pola EHE?
2. Cantas explotacións das incluídas na relación de axudas para as afectadas pola EHE presentaron un só positivo?
3. Foron informados os/as titulares das explotacións afectadas de xeito persoal de que eran obxecto das axudas destinadas a paliar os efectos da EHE?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 19/02/2025 13:17:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o mantemento da actividade industrial naval nos terreos ocupados por Astilleros San Enrique no Porto de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector industrial na área de Vigo foi tradicionalmente un factor fundamental para o desenvolvemento, non só da propia cidade, se non tamén da comarca, da provincia e, por extensión, de Galiza, chegando a representar o 5% do PIB galego.

Dentro dos sectores sobre os que pivotou a economía da ría de Vigo está o sector da industria naval, sendo este un pilar fundamental e cunha traxectoria histórica que aglutinou o coñecemento de xeración arredor da construción naval.

Un sector que en 2008 chegou a empregar a máis de 10.000 persoas en Vigo, hoxe en día apenas supera o millar, nun contexto marcado por unha significativa perda de carga de traballo e que, derivado da aplicación do modelo de “estaleiro de síntese”, acabou por desertizar unha parte moi importante da industria auxiliar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Falar de sector naval é falar necesariamente de estaleiros como Barreras, como Freire ou como Vulcano. Este último, agora Astilleros San Enrique, sufriu un proceso de reconversión crítico.

Como Vulcano, pasou dun concurso de acredores que foi inducido con falsas promesas por parte do propio Goberno galego a un ERE e, actualmente como Astilleros San Enrique, nunha situación de incumprimento das condicións que fixou coa Autoridade Portuaria de Vigo para a concesión dos terreos, o que levou a dita Autoridade a ampliar os prazos iniciais até en dúas ocasións. Rematando o prazo de cumprimento o vindeiro mes de abril deste ano 2025.

Paralelamente a isto a propia Autoridade Portuaria e Vigo presentou o pasado ano 2024 a proposta de delimitación dos espazos e usos portuarios (DEUP) na cal, entre outras afeccións, abría a porta a destinar os espazos ocupados por Astilleros San Enrique a uso comercial ou mesmo a espazo de almacenaxe do contedores. Intención que ten sido mesmo incorporado en diferentes Plans de Empresa da propia Autoridade Portuaria, consignando recursos para a adquisición da parcela privada anexa ao ámbito concesionado que constitúen, combinadamente, a cerna da propia unidade produtiva do estaleiro.

No entanto e atendendo o carácter estratéxico para a cidade de Vigo, como actividade tractora do punto de vista produtivo e socioeconómico, do sector da construción e reparación naval, e considerando o seu acervo histórico como unha das principais actividades portuarias en Vigo, carece de xustificación a pretensión de facer desaparecer ese uso nas dependencias dos actuais estaleiros San Enrique (antiga Vulcano).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén do máis, precisamente ese ámbito reúne as condicións técnicas necesarias para poder albergar un Centro de Reparación Naval da Ría de Vigo, que ten sido longamente proxectado e reivindicado, e que se non é realidade é pola falla de impulso e decisión das administracións públicas, singularmente da propia Xunta de Galiza.

Atendendo a reparación naval como actividade garantista do mantemento do emprego e do coñecemento na industria naval, que non dependa dos prazos nin das dinámicas de oscilación da carga de traballo que son características da construción naval.

Por todo iso formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o Goberno Galego a situación do sector do naval en Galiza?
- Pensa o Goberno Galego actuar para garantir a continuidade da actividade industrial naval a futuro no espazo ocupado por Astilleros San Enrique (antiga Vulcano) en Vigo?
- Como valora o Goberno Galego a posibilidade presentada pola Autoridade Portuaria de Vigo na proposta DEUP de destinar o espazo de Astilleros San Enrique a usos loxístico-comerciais?
- Pensa o Goberno Galego traballar para dotar á ría de Vigo dun Centro de Reparacións Navais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que accións ten desenvolvido ou ten previsto desenvolver o Goberno galego para garantir e potenciar a actividade produtiva e o emprego no conxunto do sector da construción e reparación naval na ría de Vigo?

-Considera prescindíbel para o tecido produtivo industrial da área de Vigo a continuidade da actividade naval nos actuais Astilleros San Enrique (antiga Vulcano)?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2025

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 19/02/2025 16:26:34

Ramón Fernández Alfonzo na data 19/02/2025 16:26:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 19/02/2025 16:26:46

Alexandra Fernández Gómez na data 19/02/2025 16:26:56





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Respecto á comarca de Bergantiños, o polígono de Bértoa en Carballo é un parque empresarial situado a cabalo da área metropolitana da Coruña e as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Fisterra. É unha das áreas industriais e de implantación empresarial de maior proxección de Galicia. Empresariado do polígono, Concello de Carballo e a propia Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) coinciden no carácter estratéxico deste parque como polo de xeración de emprego, con incidencia local mais tamén comarcal, e en consonancia, na necesidade de potencialo.

Cunha superficie de 1.218.000 metros cadrados, é un dos polígonos industriais con maior tamaño, caracterizándonos por unha funcionalidade complexa, propia dos parques empresariais de grandes dimensións, o que nos permite aloxar no noso interior actividades económicas que demandan un maior consumo de solo industrial e altos niveis de especialización.

A súa situación, e ese dinamismo, fixeron do parque carballés un dos máis atractivos para a implantación empresarial, o cal se traduciu nunha venda constante de parcelas nos últimos anos. Até o punto que, a día de hoxe, o Polígono industrial de Bértoa carece dun só metro de solo susceptible de ser ocupado por novas empresas que se queiran implantar na nosa zona.

A ampliación deste polígono contaba xa nos orzamentos do 2009 cunha partida (que nunca se chegou a executar), mais houbo que esperar ao ano 2020 para se anunciar polo Goberno galego a execución desa ampliación para o ano seguinte. Cinco anos despois dese anuncio, malia a súa reiteración por parte



do Partido Popular en épocas electorais, a realidade é que en Carballo non queda nin un só metro de chan industrial. O reiterado incumprimento, por parte da Xunta de Galicia, dos prazos fixados pola propia Administración galega, sitúan a Carballo na situación, perfectamente evitable, de non dispor dun só metro cadrado de solo que ofertar para a implantación de empresas. O que supón un auténtico “tapón” para o desenvolvemento e crecemento do tecido industrial tanto a nivel local como comarcal.

En canto á tramitación administrativa, despois de adxudicarse a finais do ano 2024 a redacción do proxecto de expropiación, así como a redacción do proxecto de desenvolvemento e urbanización e do de parcelamento do Plan Estruturante, ambos contratos seguen a esperar pola súa formalización.

A dilación inxustificada do inicio da tramitación da ampliación, así coma o incumprimento sistemático e reiterado dos anuncios e promesas da Administración competente, supuxo unha perda de oportunidades e supón un lastre para o crecemento do propio parque, para Carballo, mais tamén para o desenvolvemento económico da comarca.

Polo anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a Xunta de Galicia que a ampliación do polígono de Bértoa é unha prioridade para a dinamización económica e a creación de emprego na comarca de Bergantiños e na Costa da Morte?
2. Cal é a dispoñibilidade actual de solo industrial público no polígono de Bértoa?
3. Cal é o motivo polo que non se acometeu a ampliación do polígono de Bértoa con anterioridade?
4. Considera o Goberno galego que este polígono industrial é susceptible de ter a catalogación de “Polígono Q”? Considera que a obtención dese selo é importante para a proxección e potenciación do parque?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 18:01:44
Nº Rexistro: 20513
Data envío: 19/02/2025 18:01:44.753

5. Existe un cronograma para a ampliación deste polígono? Cal é?

Santiago de Compostela, a 19 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/02/2025 16:27:27

Lara Méndez López na data 19/02/2025 16:27:37

Elena Espinosa Mangana na data 19/02/2025 16:27:46

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71256

@PSdeG



CSV: BGJREBQ-\$fz3908k EywID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Lara Méndez López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Respecto á comarca de Bergantiños, o polígono de Bértoa en Carballo é un parque empresarial situado a cabalo da área metropolitana da Coruña e as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Fisterra. É unha das áreas industriais e de implantación empresarial de maior proxección de Galicia.

Empresariado do polígono, Concello de Carballo e a propia Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) coinciden no carácter estratéxico deste parque como polo de xeración de emprego, con incidencia local mais tamén comarcal, e en consonancia, na necesidade de potencialo.

Cunha superficie de 1.218.000 metros cadrados, é un dos polígonos industriais con maior tamaño, caracterizándonos por unha funcionalidade complexa, propia dos parques empresariais de grandes dimensións, o que nos permite aloxar no noso interior actividades económicas que demandan un maior consumo de solo industrial e altos niveis de especialización.

A súa situación, e ese dinamismo, fixeron do parque carballés un dos máis atractivos para a implantación empresarial, o cal se traduciu nunha venda constante de parcelas nos últimos anos. Até o punto que, a día de hoxe, o Polígono industrial de Bértoa carece dun só metro de solo susceptible de ser ocupado por novas empresas que se queiran implantar na nosa zona.

A comunidade de propietarios do polígono industrial de Bértoa vén insistindo na necesidade urxente que ten o parque de ser incluído no Plan de Transporte Metropolitano da Xunta para facilitar o desprazamento das persoas traballadoras e das e dos clientes usando o transporte público. Hai máis de tres



anos realizouse a petición á Dirección Xeral de Mobilidade, e volveuse chegar ao departamento autonómico unha proposta concreta de roteiros e horarios con estudo de demanda e impacto incluído (baseado no medio milleiro de enquisas), sen que ata o momento se lle dese ningunha resposta.

Segundo o estudo elaborado pola comunidade de propietarios, a metade das persoas usuarias do polígono de Bértoa proceden do centro urbano carballés, outro 35 % proceden doutros lugares do municipio e o 11 % do eixo industrial A Laracha-Arteixo-A Coruña. Un 96 % das persoas usuarias desprázanse ata o polígono de Carballo en coche particular, pero a boa noticia é que un 70 % asegura que usaría o transporte público para facelo si se habilita o servizo que se adapte ás necesidades reais dos potenciais usuarias/os.

Para que estes roteiros teñan a demanda suficiente e se reduza o uso de vehículos particulares para chegar ao polígono (o parque móbil empresarial é de 577 vehículos convencionais e 268 vehículos pesados), a comunidade de propietarios comprométese a facer unha difusión continua dos horarios e das liñas entre as empresas e persoas usuarias do polígono, ademais de monitorizar o número de usuarias/os para realizar os axustes que sexan necesarios.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. O Goberno galego vai a aprobar unha proposta para que o polígono industrial de Bértoa en Carballo se inclúa no Plan de transporte metropolitano da Xunta de Galicia, e que se inclúa unha nova liña se conecte o polígono cun novo roteiro local e coas outras xa existentes que parten da Coruña?
2. Cal é o motivo polo que non se acometeu a ampliación do polígono de Bértoa con anterioridade?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 18:03:13
Nº Rexistro: 20521
Data envío: 19/02/2025 18:03:13.816

3. Considera o Goberno galego que este polígono industrial é susceptible de ter a catalogación de “Polígono Q”? Considera que a obtención dese selo é importante para a proxección e potenciación do parque?
4. Existe un cronograma para a ampliación deste polígono? Cal é?

Santiago de Compostela, a 19 de febreiro do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/02/2025 17:12:08

Carlos López Font na data 19/02/2025 17:12:18

Lara Méndez López na data 19/02/2025 17:12:26

CSV: BG9BG-SP6N1234567890
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71259

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as reclamacións das persoas mutualistas sobre cantidades pagadas de máis no IRPF.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/2024, do 20 de decembro, pola que se establece un Imposto Complementario para garantir un nivel mínimo global de imposición para os grupos multinacionais e os grupos nacionais de gran magnitude, un Imposto sobre a marxe de intereses e comisións de determinadas entidades financeiras e un Imposto sobre os líquidos para cigarros electrónicos e outros produtos relacionados co tabaco, e se modifican outras normas tributarias, contén unha Disposición final 16ª sobre a tramitación a seguir pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para determinar a procedencia e, no seu caso, practicar as devolucións derivadas da xurisprudencia establecida polo Tribunal Supremo en relación á Disposición Transitoria segunda da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, en relación cos períodos impositivos 2019 a 2022”.

Esta Disposición Final 16ª deixa sen efecto o formulario para “mutualistas” así como as solicitudes de devolución presentadas até a data, furtando o dereito destas persoas a cobrar esta devolución, pois agora obrígaselles a presentar a solicitude de novo e repetila nos próximos exercicios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora a lei deixa sen efecto o formulario de solicitude de devolución para mutualistas habilitado con anterioridade e tamén quedan sen efecto as solicitudes de devolución do IRPF presentadas para a aplicación da DT 2ª da LIRPF dos exercicios 2022 e anteriores non prescritos, cuxa devolución non se tivese acordado con anterioridade ao 22 de decembro de 2024 e con independencia da vía que se tiña utilizado para presentar a solicitude de devolución.

É preciso que se rectifique para garantir a validez de todas as solicitudes presentadas até o de agora, en cumprimento da sentenza xudicial, para evitar ás persoas mutualistas que teñan que volver facer unha tramitación que seguiu os requisitos marcados, así como dar recoñecemento ao traballo feito polos traballadores e traballadoras da AEAT.

Debe lembrarse que existe xurisprudencia ao respecto, concretamente unha sentenza do Tribunal Supremo que ampara o dereito a percibir estas devolucions, sentenza que o goberno debería respectar sen matices.

E debemos lembrar, tamén, que este Parlamento aprobou por unanimidade, en abril do ano 2023, unha proposición non de lei do BNG a favor de que se tomaran as medidas administrativas pertinentes para facilitar que as persoas mutualistas percibiran da Axencia Tributaria as cantidades debidas por teren tributado de máis.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. É coñecedora a Xunta de Galiza da Disposición final 16ª da Lei 7/2024, do 20 de decembro?
2. A cantas persoas pode afectar esta disposición no noso país?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Ten a Xunta algunha estimación sobre o impacto económico na Galiza da non devolución das cantidades debidas pola Axencia Tributaria ás persoas mutualistas?

4. Ten tomada a Xunta de Galiza algunha medida para evitar que as persoas mutualistas perdan definitivamente as cantidades que lles debe a Axencia Tributaria?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 20/02/2025 09:57:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da atención sanitaria no PAC de Ponteareas e A Caniza e nos centros de saúde da comarca do Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde e o PAC de Ponteareas levan xa anos nunha situación de caos e de colapso debido á falta de persoal médico e sanitario suficiente para cubrir todas as quendas e ao mesmo tempo as saídas de urxencia a domicilios.

Isto acontece dende a pandemia, onde xa non se facía a cobertura da totalidade das vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións provocando, en agosto de 2021, a supresión da quenda de tarde no centro de saúde de Ponteareas, tanto en Medicina Familiar como Pediatría.

Non é alleo a esta situación o PAC da Caniza que queda sen persoal de urxencias, a veces durante horas, cando deben facer saídas fóra do centro de saúde.

Se falamos da situación de atención sanitaria nos centros de saúde, podemos relacionar cada un deles coas incidencias que provocan á cidadanía desta comarca situacións non desexadas dunha atención tardía, realización de probas que se retardan provocando diagnósticos a destempo e casos concretos de perder meses de tratamentos fundamentais para superar enfermidades graves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Caniza.- Ten unha praza de pediatría compartida cos centros de Crecente e Arbo. As facultativas do PAC realizan máis horas das que lles corresponden coa redución actual e ter que traballar nas fins de semana.

Arbo.- Dispoñen de pediatra só dúas horas por día. Non se están a cubrir as baixas laborais e vacacións. As persoas doentes só poden realizar analíticas 3 días por semana e carecen das instalacións suficientes mentres parte do edificio está en mans dunha empresa privada. As usuarias ardan entre unha semana e 10 días en conseguir unha cita médica.

As Neves.- Tardan 10 días en dar unha cita para Medicina de Familia.

Covelo.- Tan só hai un médico de familia e a pediatra, que consulta un só día á semana, é compartida con Mondariz, non tendo transporte público para poder asistir calquera día que sexa necesario ao concello veciño.

Crecente.- Carecen de pediatra estable, o consultorio de Filgueira pechado e o seu médico comparte a semana entre o Centro de Saúde de Crecente e o consultorio de Valeixe. Moita da veciñanza está a optar por acollerse a cupos de médicos/as do Centro de Saúde da Caniza para solventar os seus problemas médicos con maior axilidade.

Mondariz.- O centro de saúde ten problemas de persoal de enfermaría. Hai entre 15 e 20 días de espera por unha cita de Medicina de Familia.

Pontearreas.- Varias prazas de Medicina de Familia coas persoas titulares de Baixa por enfermidade que están sen substituír; non teñen a plantilla completa e estable, polo tanto, tardan máis dun mes en dar unha cita.

Salceda de Caselas.- Hai un só pediatra, insuficiente para as 1600 nenas e nenos menores de 14 anos que ten un concello dos que máis está medrando en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Salvaterra.- Pediatra teñen en poucas ocasións. Hai un compromiso do Conselleiro de Sanidade de compartir un pediatra a maiores co centro de Salceda, pero nunca chegou ese efectivo para as máis cativas. Faltan dúas médicas/os de familia.

Ademais debemos mencionar a situación da Unidade de Saúde Mental de Pontearreas, que atende á poboación de toda a comarca, nacida cun cadro de persoal totalmente insuficiente para tantas persoas con problemas de saúde mental, malia que o Conselleiro di que se axusta ao catálogo. Esta necesidade de máis persoal médico e sanitario neste servizo queda reflectido nos 5 meses que tarda unha cita para calquera das dúas persoas especialistas en Psiquiatría ou 1 ano para asistir á consulta da psicóloga. Hai que ter en conta que as únicas persoas que poden modificar e controlar as medicacións destas doentes son as psiquiatras, polo tanto en todos eses meses de espera non hai outra persoa que poida axudalas se a medicación non lle vai ben ou precisa axustes, nin sequera en urxencias.

Tamén hai veciños/as que aínda non teñen médico/a asignada, nin estabilidade ou seguimento das súas doenzas, mentres ás facultativas méndranlle día a día os seus cupos, debido a que os cadros de persoal médico e sanitario non están cubertos na súa totalidade na maioría dos centros de saúde e os permisos e baixas non se están a substituír, polo tanto deben repartirse a atención das persoas doentes entre os que quedan, chegando a padecer estrés laboral e emocional, xa que ao mermar a atención que poden ofertar, aumenta o risco considerablemente de cometer erros, de diagnosticar mal ou de non controlar aos crónicos como corresponde. Isto tamén ocasiona que as persoas doentes que acoden aos centros e PAC, ante a situación caótica que se atopan séntense frustrados e irritados asumindo esperas que non son razoables.

A maioría das axendas dos médicos/as están pechadas de xeito permanente na aplicación do Sergas, a atención telefónica é imposible, así que as persoas deben permanecer nunha cola presencial durante tempo para conseguir unha cita que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dependendo do centro de saúde pode ser de 2 ou 3 semanas ata 6 semanas como no de Ponteareas.

Debido a esta situación os PAC de Ponteareas e A Caniza teñen que soportar numerosas urxencias da veciñanza da localidade e doutros concellos por non ter a atención debida nos seus propios centros e pola tardanza das ambulancias que, cando as de referencia do concello está ocupada deben recorrer a outras, tardando en chegar a veces unha hora, mentres as doentes permanecen na sala de espera ata o seu regreso.

As urxencias pediátricas aténdense maiormente no hospital de referencia, o Álvaro Cunqueiro, tendo que facer un desprazamento por parte das familias entre 30 minutos se son de Ponteareas, ate case unha hora se residen no Covelo, Caniza ou Crecente, sobre todo das súas parroquias. Se as doentes están nunha situación extrema, este tempo pode ser nefasto para a recuperación da crianza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Que accións pensa levar a cabo o Goberno Galego para garantir os dereitos sanitarios da poboación da comarca Condado-Paradanta para que non se dean circunstancias como as actuais de non poder dispoñer de pediatra ou dos médicos/as suficientes para atender á veciñanza de cada concello?

2. - Como pensan solventar que uns cadros de médicos/as tan reducidos poidan atender a toda a poboación de referencia do Condado-Paradanta, con cupos que cada día achéganse máis ás 2000 persoas?

3.- Como pensan que esas mesmas persoas consulten ademais todas as urxencias que chegan de Ponteareas e dos concellos da comarca polas mañás cando non funcionan os PAC?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Van suprimir a atención preventiva a persoas que padecen enfermidades crónicas, segundo deu a entender o Conselleiro de Sanidade?

5.- Vai o goberno da Xunta reforzar o cadro de especialistas da Unidade de Saúde Mental de Ponteareas?

6.- Vai o Sergas mellorar o servizo de ambulancias para que poidan chegar no menor tempo posible aos enderezos das persoas doentes graves e haxa menos risco de producirse un problema irreversible?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2025

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 20/02/2025 10:22:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o parque eólico AMR 7 PE Arnoia, nos concellos de Cartelle e Castrelo de Miño, e da planta solar fotovoltaica de Cartelle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 29 de novembro de 2024 O Diario Oficial de Galiza publicaba o acordo do 27 de novembro de 2024, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico AMR 7 PE Arnoia e as súas infraestruturas de evacuación, situadas nos concellos de Cartelle e Castrelo de Miño, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2023/001).

O mércores 8 de xaneiro de 2025, publicase tamén no DOG o acordo do 4 de decembro de 2024, do Departamento Territorial de Ourense, polo que se somete a información pública a solicitude das autorizacións administrativa previa e de construción das instalacións relativas ao proxecto da planta solar fotovoltaica de Cartelle e a súa liña de evacuación, sitas no concello de Cartelle, provincia de Ourense (expediente IN408A 2023/03-3).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ambos proxectos pertencen á mesma empresa promotora AMR 7 Energías Renovables, S.L.; NIF: B06868780. Domicilio social: rúa Cardenal Marcelo Spínola, 14, 1o dereita. 28016 Madrid.

Este proxecto localízase no alto do Coto de Novelle, monte no que tamén está proxectada unha central hidroeléctrica reversible de gran tamaño.

A planta fotovoltaica evacúa a enerxía producida a través da SET proxectada para o parque eólico AMR7 PE Arnoia, que se conectará a través dunha liña de alta tensión á subestación da central hidroeléctrica de Castrelo de Miño.

Esta liña de alta tensión (220 kV), atravesará os núcleos de O Toledo, O Pazo, Pradedo e Santa María no concello de Castrelo de Miño, sen que na documentación se detalle a traza da mesma.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal é o estado da tramitación do parque eólico AMR 7 PE Arnoia?
2. Existen novos condicionantes, sobre todo en materia de patrimonio, para a execución deste parque eólico?
3. Ten coñecemento das alegacións realizadas por particulares e colectivos a este proxecto?
4. Como se vai avaliar a parte soterrada da liña de alta tensión, se non se conta con suficiente detalle na documentación presentada pola empresa promotora?
5. Existen acordos entre a empresa e axentes da contorna (empresas, administración local, particulares, etc) que permitan declarar o parque eólico de especial interese público, social e económico segundo o artigo 17 da LEI 2/2024, do 7 de novembro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Que valoración fai do proxecto no seu conxunto?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 20/02/2025 12:04:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións a levar a cabo pola Xunta de Galiza diante da presenza de especies invasoras moi daniñas no medio mariño e nas costas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios do pasado mes de decembro sóubose publicamente que viña de detectarse na costa asturiana, e por primeira vez en Europa, unha especie orixinaria do océano Pacífico, a postenterogonia orbicularis, un verme invasor que se alimenta de bivalvos e que pon en risco os ecosistemas mariños e que neste mesmo mes de febreiro xa se atopou na ría de Ribadeo.

Tamén a primeiros deste mesmo ano coñeceuse a presenza na boca da ría de Arousa de exemplares de pyura herdmanni, que tamén afecta ao mexillón, aínda que ao parecer non está a supoñer un problema polo de agora.

Por outro lado, xa hai meses que se sabe da existencia da chamada alga asiática en augas galegas, primeiro nas rías da Coruña e Vigo e máis tarde na de Arousa, outra agresiva especie invasora xa incluída no Catálogo de Especies Exóticas Invasoras dende o ano 2020 e que xa vén causando dende hai anos danos no sur da península.

Tamén nesa zona veñen loitando dende hai anos contra o xacinto de auga, unha das plantas invasoras máis perigosas que se coñecen e que xa invade determinadas zonas de Galiza dende o 2010, nomeadamente a laguna de Rouxique, en Sanxenxo, integrada no complexo intermareal Umia-O Grove e afectada gravemente, aínda que foi





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

localizada posteriormente e cada vez con máis frecuencia noutros puntos como na Lanzada, Vigo, Culleredo ou a costa do Barbanza, entre outros.

É obvio que a detección de cada vez máis especies invasoras nas nosas costas obriga ás administración a intensificar os controis e a realizar un seguemento xeral, non só polo impacto ecolóxico que sen dúbida producen senón tamén pola afectación económica que conleva.

En moitos dos casos aínda está por demostrar cais serían as consecuencias precisas nas nosas rías, mais os científicos coinciden en que a previsión e a detección temperá é fulcral para evitar problemas máis serios.

Se temos en conta, ademais, a situación de importante perda de produtividade nas rías galegas e a repercusión nelas das consecuencias que xa está a ter o cambio climático, o seguemento e control e as medidas de mitigación dunha indesexada expansión que puidera ameazar a diversidade e os intereses económicos deben converterse nunha prioridade para as Consellarías implicadas, nomeadamente para a de Mar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que balanço fai o Goberno galego das políticas de control e xestión das especies invasoras que está a levar a cabo, nomeadamente no medio mariño e nas costas galegas?
- . Das accións que desenvolveu, cais foron os resultados?
- . Considera que é prioritario previr, detectar, vixiar e erradicar as especies invasoras nas rías galegas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Se é así, que actuacións ten levado a cabo, e cais vai realizar nesa dirección?
Con que partidas orzamentarias e de que contía?

. Tendo en conta a importancia da actividade pesqueira, marisqueira e da miticultura no noso país, que directrices concretas ten estipulado a respecto desas especies invasoras e potencialmente moi perigosas?

. Ten analizado a incidencia das devanditas especies invasoras na biodiversidade mariña das rías galegas e a súa posíbel influencia na xa grave perda de produtividade de determinadas especies, nomeadamente dos bivalvos? De ser así, que medidas se están a implementar para minimizar o impacto?

. Ten posto en marcha algún programa de contención das poboacións de especies invasoras no medio mariño que palien ou eliminen os seus impactos negativos, así como de favorecemento da posterior recuperación dos ecosistemas? De non ser así, por que razón?

. Que actuacións ten previsto levar a cabo para implicar á poboación, nomeadamente ao sector do mar, na loita contra esta ameaza?

. Como están a compatibilizar os e as profesionais do mar a súa actividade coa de loita contra especies invasoras?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2025

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 20/02/2025 13:02:51





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2025 13:39:25
Nº Rexistro: 20581
Data envío: 20/02/2025 13:39:25.280

Á MESA DO PARLAMENTO

María del Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En febreiro deste ano, eramos coñecedores de que a compañía Forvia, a antiga Faurecia, que conta con plantas en Vigo e en Ourense, ía proceder a un forte axuste da súa actividade.

O fabricante francés de compoñentes para o automóbil explicou que para "minimizar tanto como sexa posible o impacto sobre o emprego" de aquí a 2028 deste programa, bautizado 'EU-Forward', tomou unha serie de decisións para o recorte do persoal.

Ademais de aproveitar o proceso "natural" de non renovar postos dos que se xubilan ou deixan a empresa, vai reducir "inmediatamente e de forma drástica a contratación en Europa, adaptar o nivel de emprego non permanente e reducir fortemente o recurso externo a I+D" (investigación e desenvolvemento) de vendas.

En Galicia as principais factorías están en Vigo e Ourense. En relación con esta última o futuro de Faurecia Automotive España, a planta que o grupo Forvia en Ourense, segue no aire unha semana despois de que se fixese público que a fábrica, cos seus case 300 traballadores, non lograse o contrato para participar na produción do próximo Peugeot 2008 de Stellantis Vigo.





De feito deberá afrontar durante o primeiro semestre deste ano unha redución de persoal que afecta a 27 postos dos 314 cos que conta nestes momentos, o que supón un 8,5 % do seu cadro de persoal.

Así se desprendía da reunión mantida polo comité de empresa sobre o futuro de Faurecia en data 13 de febreiro de 2025. Precisamente, durante este encontro expúxose a intención da automotriz de deslocalizar a produción cara a países de menor custo, o que obriga a Forvia a reevaluar a estratexia para futuras adquisicións.

No transcurso da reunión, Forvia reafirmou o seu compromiso coa viabilidade da planta de Ourense, destacando que se prevé estabilidade ata o ano 2027, cando finalizará a vida útil do proxecto P24 (o Peugeot 2008, do que Faurecia fabrica algúns compoñentes).

A redución de 27 postos de traballo que afrontará a compañía implica a 25 operarios de produción e 2 de mantemento e utilidade e está programado que se execute durante o primeiro semestre de 2025.

O Grupo Parlamentario Socialista ante esta grave problemática entende que o Goberno galego, con competencias en Industria e Emprego, debe actuar de forma urxente tomando as medidas necesarias que garantan a viabilidade da fábrica en Ourense e ou mantemento de dous postos de traballo, e por iso, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia dentro das súas competencias en Industria e emprego, en relación coa perda de postos de traballo no sector industrial, en concreto non Grupo Forvia, antiga Faurecia, na planta radicada en Ourense?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2025 13:39:25
Nº Rexistro: 20581
Data envío: 20/02/2025 13:39:25.280

2. Vai o Goberno galego reunirse, de forma urxente, co comité de empresa?
3. É consciente, ou o Goberno galego, da necesidade de postos de traballo relacionados co sector industrial na provincia de Ourense?
4. E da necesidade de carga de traballo para as empresas de automoción?

Parlamento de Galicia, 20 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 20/02/2025 13:34:07

Elena Espinosa Mangana na data 20/02/2025 13:34:18

Silvia Longueira Castro na data 20/02/2025 13:34:28

CSV: B0R0G-S7G41C1K15-6RID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71277

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O pasado mes de decembro 2024 nun partido do Grupo C da categoría cadete feminina galega que enfrontou ao Sanxenxo Balonmán e ao Rasoeiro BM, tras recibir o árbitro insultos reiterados durante todo o partido ao finalizar o encontro un familiar do colexiado foi vítima dunha agresión resultando gravemente ferido.

A principios do mes de febreiro de 2025 un árbitro nun partido de fútbol infantil denunciou que tivo que se poñer a salvo ao finalizar o encontro porque un grupo de pais cuspiéronlle, insultáronlle e desexáronlle a morte, chegando incluso a golpear o seu vehículo

Hai uns días unha nai denunciaba publicamente como a súa filla de 13 anos, que arbitraba un partido de prebenxamíns (nenos de seis e sete anos), na Coruña, tivo que soportar gritos dende o banco e desde a grada por parte dos pais e do delegado dun dos clubs, sentíndose acosada e con moito medo.

Por desgraza estes 3 sucesos non son feitos illados senón que veñen a visualizar os crecentes episodios de violencia que acontecen cada fin de semana con ocasión da práctica de competicións deportivas oficiais. Sendo moi preocupante que onde sexan máis frecuentes sexa con ocasión de competicións nas que participan menores de idade.

Os socialistas e as socialistas manifestamos a nosa sensibilidade e a nosa preocupación por estes feitos, que transforman algo que debería ser un hábito





saudable, de aprendizaxe e superación persoal e colectiva nunha situación indesexable que transmite a eses nenos e nenas uns valores totalmente negativos.

O Goberno galego segundo o art 27.22 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ten a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte.

Consonte ao anterior a Xunta aproba a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que ten por obxecto establecer un marco xeral de desenvolvemento e organización do conxunto das actividades físicas e deportivas e a forma na que estas se deben realizar, así como a organización administrativa que debe dar o servizo e debe impulsar a competencia autonómica na materia.

Esta lei no seu TÍTULO IX regula a actuación pública na prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva. E no artigo 148, regula a Comisión Galega de Control da Violencia, configurándoa como un órgano colexiado de participación dos distintos sectores con intereses no eido da prevención e represión da violencia, de análises das súas causas e de exercicio da potestade sancionadora na materia.

Órgano que foi desenvolvido polo Decreto 63/2018, do 31 de maio, que regula a súa composición, funcionamento e procedemento sancionador.

Nós cremos, polo tanto, que o Goberno galego ten todos os instrumentos para poder actuar e priorizar dentro da súa política en materia deportiva a loita contra a violencia no deporte.

Ante esta situación, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2025 16:44:47
Nº Rexistro: 20587
Data envío: 20/02/2025 16:44:47.192

1. Que medidas vai implementar o Goberno galego para previr e sancionar a violencia e as condutas contrarias á boa orde deportiva?
2. Que consideración merecen para o Goberno galego as reiteradas denuncias públicas de actos violentos en competicións deportivas?
3. Que medidas ten implementado ata o de agora para enfrontar estas situacións de violencia no eido deportivo?

Santiago de Compostela, 20 de febrero de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/02/2025 16:38:09

Patricia Iglesias Rey na data 20/02/2025 16:38:19

CSV: B0R0G03D3F0A5T6hRID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

71280

@PSdeG



De un sucinto repaso, en los documentos que remiten y se adjunta, se puede apreciar, por ejemplo, el descontrol en las facturas empleando para ello un empresario que no consta dado de alta -salvo error- en los epígrafes CENAE por los cuales conceptua factura, generando “muchas dudas” los trabajos que pueden ejecutarse de “electricidad” por parte de este profesional.

Tampoco consta, compras ajustadas al propio plan LIA 3

tampoco se refleja -salvo error- en la DOCUMENTACION DEL CONSELLO ESCOLAR -donde se acuerda pedir el dinero, destinarlo a un fin- y -desde luego se remite a la APROVACION DE LA COMISION ECONOMICA.

Si tenemos en cuenta, las fechas entre la “petición” de la partida y la COMUNICACIÓN DE INCOACCION DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO a mi persona “por delatar malas praxis” podemos suponer una suerte de regalo.

POR LO ANTERIOR, se formulan las siguientes preguntas por escrito ante la SECRETARIA XERAL TECNICA de la CONSELLERIA DE EDUCACION, CIENCIA, UNIVERSIDADES Y FORMACION PROFESIONAL:

-Podrían enseñar las actas del CONSELLO ESCOLAR DEL IES LAGOA DE ANTELA en las cuales se reflejan los acuerdos pertinentes para “solicitar” la partida presupuestaria, de acuerdo a LIA 3?.

-Contó con la AUTORIZACION del INSPECTOR JOSE FERNANDEZ FERNANDEZ la petición de partida presupuestaria?

-Fue supervisada la ejecución de la OBRA y aprobada por la COMISION DE ECONOMICA DEL IES LAGOA DE ANTELA.

-Por qué se hicieron TRES TRANSFERENCIAS?

-Por qué se aceptaron pagos con distintos reparos en los documentos contables?





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 4942**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a situación da atención sanitaria na serra do Courel e o prazo en que a Xunta de Galicia pensa tomar medidas co fin de mellorar a dotación dos seus centros de saúde de Seoane e Folgoso"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Ambas as facultativas están incorporadas dende o 1 de decembro, co funcionamento habitual nos dous centros referidos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20318
Data envío: 17/02/2025 21:56:25.597

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/02/2025 21:56:24

CSV: B0R0G5Pq02t0asThRID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5284**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"a vontade da Xunta de Galicia verbo do desenvolvemento dun plan de seguridade e de campañas informativas destinadas a protexer o persoal sanitario de atención primaria fronte a agresións físicas ou verbais"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade condena todas as agresións ao persoal do Servizo Galego de Saúde e vén adoptando medidas para reforzar a seguridade en distintos centros, en aras de garantir o normal funcionamento da actividade asistencial, tanto para pacientes como para os profesionais. Cómpre lembrar que o persoal sanitario ten consideración de autoridade na lexislación vixente, polo que calquera tipo de agresión a este colectivo será penalizada pola lei.

A Consellería de Sanidade conta cun Plan específico de prevención da violencia extrema desde o ano 2015. Este plan permitiu a Galicia situarse notablemente por debaixo da media estatal en canto a agresións a profesionais sanitarios. Actualmente están en proceso de revisión os protocolos de cara ao seu reforzo.

As solucións ás demoras ocasionadas pola falta de profesionais pasa por dispoñer de máis sanitarios, para o que se precisa de medidas urxentes por parte do Ministerio de Sanidade, encamiñadas a incrementar a formación de residentes nos próximos anos; a axilizar a homologación de títulos estranxeiros; ou ao incremento da idade de xubilación ata os 72 anos de xeito voluntario, como vén reclamando a Xunta de xeito reiterado ante o Goberno central".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:36:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20381
Data envío: 18/02/2025 21:36:38,901

CSV: B0R0G5K0C-0357KtID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5303**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coas substitucións das baixas dos facultativos dos centros de saúde do Courel"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Ambas as facultativas están incorporadas dende o 1 de decembro, co funcionamento habitual nos dous centros referidos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:38:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20386
Data envío: 18/02/2025 21:38:27.261

CSV: B0R0G3W04v3kIdhID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/02/2025 21:56:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20316
Data envío: 17/02/2025 21:56:11.612

CSV: B0R0G\$P2qCZsGvRD-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5403**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, dona Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas previstas pola Consellería de Sanidade orientadas á diminución das listas de espera para consultas nos hospitais públicos de Ourense e de Valdeorras, así como no que atinxe á espera cirúrxica no caso do Hospital Clínico Universitario de Ourense"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"As listas de espera son unha ferramenta de xestión en todo o Sistema Nacional de Saúde. A Consellería de Sanidade está a facer todo o posible para minimizalas e para orientalas cara aos resultados en saúde, priorizando e evitando demoras naquilo que non pode esperar.

As medidas adoptadas pola Consellería de Sanidade e pola área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras para mellorar as esperas pasan pola contratación de especialistas segundo a disposición de profesionais nas listas de contratación; polo reforzo da actividade con xornadas voluntarias de tarde e consultas externas e a utilización da e-consulta baixo protocolos consensuados para aumentar a efectividade dos tempos en distintas especialidades e evitar, no posible, desprazamentos de doentes e de médicos-especialistas.

Desde finais de setembro contratáronse 6 anestesistas novos e 5 oftalmólogos, o que permitiu aumentar a actividade cirúrxica de forma notable.

A Consellería de Sanidade e a área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras están a facer un esforzo significativo nos últimos meses para reducir, tanto as esperas cirúrxicas, como de consultas, como de probas diagnósticas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:44:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20393
Data envío: 18/02/2025 21:44:49.044

CSV: BGRBQSpKaKzIBhID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5527**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **"a situación da unidade de prevención do suicidio de Lugo e a mellora da atención ás pacientes e aos pacientes deste servizo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Actualmente a plantilla de facultativos de Psiquiatría na Área Sanitaria de Lugo está a sufrir o déficit de profesionais sanitarios existente en toda España. As prazas sen cubrir foron ofertadas de forma continua en todos os chamamentos e convocatorias feitas.

Ante esta situación reordenouse a actividade de todos os dispositivos, manténdose todos eles operativos, o que inclúe tamén a Unidade de Prevención de Suicidios, priorizando as actuacións máis urxentes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:44:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20390
Data envío: 18/02/2025 21:44:30.013

CSV: BGRBQSTP6j0p8GTrR1D-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 5908**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Elena Espinosa Mangana, don Carlos López Font e dona Silvia Longueira Fraga, sobre **"a postura da Xunta de Galicia en relación co incremento de profesionais da saúde mental no sistema sanitario público en xeral e, de forma inmediata, na Área Sanitaria de Vigo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Sanidade ten entre as súas prioridades para esta lexislatura o reforzo e mellora da atención á saúde mental, de acordo ao aumento da demanda asistencial que se vén dando de forma notable nos últimos meses.

Ese compromiso queda reflectido tanto na propia estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, coa recente creación dunha Subdirección Xeral específica de atención á Saúde Mental, como co incremento de recursos destinados á contratación de persoal, creación de novas unidades e desenvolvemento de novos programas de asistencia. Os Orzamentos da Xunta para este ano 2025 reservan un total de 28 M€ aos programas de atención á saúde mental.

No novo Plan Estratéxico de Saúde Mental 2025-28 prevese incrementar de maneira notable o número de profesionais das diferentes especialidades de saúde mental, e non unicamente en Vigo, senón en todas as áreas sanitarias de Galicia. A rapidez da cobertura das prazas dependerá en gran medida do número de profesionais dispoñibles en cada momento. Actualmente, a maior dificultade é para cubrir prazas de Psiquiatría da infancia e a adolescencia, dada a recente creación da especialidade por parte do Ministerio de Sanidade (os primeiros residentes acaban en 2027)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20389
Data envío: 18/02/2025 21:44:22.857

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:44:22

CSV: B0R0G\$P6Yt2a5FmR1D-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6051**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Suárez Fernández e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a planificación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Chantada durante a época estival e o nivel da dotación deste centro canto a facultativos"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Centro de Saúde de Chantada mantén o seu funcionamento habitual cos 6 facultativos da plantilla. Axustouse durante as vacacións sen que se rexistrase ningunha incidencia destacable".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:48:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20399
Data envío: 18/02/2025 21:48:13.046

CSV: B0R0G\$63G3T0nRID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6446**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Noa Presas Bergantiños e dona Montserrat Prado Cores, sobre **"a planificación asistencial da Xunta de Galicia no Centro de Saúde de Coles para os meses de verán e as medidas referidas a un eventual reforzamento do transporte público nesta comarca no caso de levarse a cabo unha redución da asistencia pediátrica"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Non está prevista ningunha redución da asistencia pediátrica no Centro de Saúde de Coles.

Durante os meses de verán, a reorganización da atención dos nenos e nenas de Coles motivada polas vacacións dos pediatras que os atenden alí habitualmente, posibilitou a súa asistencia diaria polos especialistas en pediatría no veciño Centro de Saúde da Ponte, da mesma maneira que se tiña feito en anos anteriores".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:48:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20398
Data envío: 18/02/2025 21:48:06.936

CSV: BGRBQ\$HQA3G3T4RID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 6923**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia dirixidas a reducir as listas de agarda para consultas, cirurxía vascular, cardíaca e pediátrica no Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee, e para as probas diagnósticas na área sanitaria da Coruña"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Hospital Público de Cee ten unha demora media de consultas de 28,8 días, o que representa 65,2 días menos que a media do Sistema Nacional de Saúde.

As probas diagnósticas medran na área sanitaria da Coruña e Cee ao mesmo ritmo que no resto do sistema sanitario público galego, derivando dunha maior demanda, en continuo crecemento, á que desde a Consellería e desde a área sanitaria se trata de dar a mellor resposta posible e no menor tempo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/02/2025 21:47:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/02/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 20397
Data envío: 18/02/2025 21:47:59.233

CSV: B0R0GSR03362566RID-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 7166**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Lara Méndez López e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **“o establecemento de campañas de información transversais en materia de protección ante a proliferación de carrachas, así como de axudas para desparasitar e desinfectar aos animais”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:
